
Estevan Perez, merino maor por el Infante don Sancho en terra de Leon e de Asturias... Edición e anotación da súa cantiga Senhor, se o outro mundo pasar (B 923, V 511)*

Mariña Arbor Aldea
Universidade de Santiago de Compostela

Á miña avoa, *in memoriam*

Resumo:

No presente traballo abórdase a edición crítica da única cantiga conservada de Estevan Perez Froian, *Senhor, se o outro mundo pasar* (B 923, V 511). A fixación do texto crítico do poema e a súa anotación complétanse co estudo da biografía do poeta, vasalo dos monarcas casteláns Alfonso X e Sancho IV, e coa análise dos datos que para esta cantiga ofrece a tradición manuscrita.

Palabras chave:

Edición crítica, lírica profana galego-portuguesa, tradición manuscrita, Estevan Perez Froian.

Abstract:

*In this article we tackle the critical edition of the only conserved cantiga written by Estevan Perez Froian, *Senhor, se o outro mundo pasar* (B 923, V 511). The establishment of poem critical text and its annotation is completed with a study of poet's biography, vassal of Castilian kings Alfonso X and Sancho IV, and with an analysis of the existent data in manuscript tradition for this cantiga.*

Key words:

Critical edition, Galician-Portuguese profane Lyric, manuscript tradition, Estevan Perez Froian.

* Os datos expostos no presente traballo son froito parcial dos estudos que sobre a literatura medieval galego-portuguesa desenvolve a autora no marco do Programa Nacional de Investigación Ramón y Cajal, financiado polo Ministerio de Educación y Ciencia.

1. Poeta de perfís biográficos ben coñecidos¹, Estevan Perez Froian, ou Florian², pertenceu ao círculo político e poético de Sancho IV de Castela (1284-1295) e ao do seu sucesor, Fernando IV (1295-1312). Natural da rexión de Paredes de Coura, localizada no *jurgado* de Froião, no Alto Minho portugués (Oliveira 2001: 189), Perez Froian descendía da liñaxe dos Pereiras e, máis concretamente, do matrimonio formado por Pero Homem de Pereira e Tereixa Anes (Piel-Mattoso 1980, I: 80; Mattoso 1980, II/1: 382; Michaëlis 1904, II: 416; Gaibrois 1922, I: 49, n. c; 1928, II: 40-41, n. 2; Oliveira 1993: 248; 1994: 333). Casou en primeiras nupcias coa portuguesa Tereixa Aires Queixada, con quen tivo dous fillos, Francisco e Urraca Peres (Piel-Mattoso 1980, I: 80; Mattoso 1980, II/1: 382; Gaibrois 1928, II: 40-41, n. 2; Oliveira 1993: 249; 1994: 333); xa viúvo de dona Tereixa e seguramente en terras de Castela e con intereses nese reino, uniuse en matrimonio á leonesa María Ramírez de Cifontes, filla de Ramiro Díaz de Asturias e de Teresa Fernández de Lara, e viúva de Pero Paez de Asturias. Deste enlace naceron catro fillos, Estevan, Juan, Fernán e Teresa Pérez (Piel-Mattoso 1980, I: 80, 197-198; Mattoso 1980, II/1: 155, 382; Gaibrois 1922, I: 49, n. c; 1928, II: 40-41, n. 2; Oliveira 1993: 249; 1994: 333; Beltrán 1996: 136).

Unido por lazos de parentesco ás más importantes familias do reino de Castela, Estevan Perez Froian desempeñou altos cargos tanto na administración como na corte rexia castelá. Documentado entre 1283 e 1305 (Gaibrois 1922, I: 49-50, n. c; 1928, II: 40-41, n. 2; Jular Pérez-Alfaro 1990: 205-208; Oliveira 1993: 248; 1994: 333; 1995: 121-122; Beltrán 1996: 136-137; Víñez 1996: 540-542)³, desconécese en

¹ A traxectoria biográfica do trobador foi obxecto de atención por parte da crítica desde os primeiros estudos de lírica profana galego-portuguesa. Punto de interese inicial para os investigadores foi a posible identificación de Perez Froian co poeta referido nos cancioneiros baixo o nome de Estevan Faian, cronoloxicamente anterior ao privado de Sancho IV e do seu sucesor no trono, Fernando IV (cfr. Michaëlis 1904, II: 415-419). Resulta negativamente esta cuestión (Indini 1993a: 246; Oliveira 1993: 248; 1994: 331; 1995: 119-120), reconstruíron a peripécia vital de Perez Froian Gaibrois (1922, 1928), Jular Pérez-Alfaro (1990), Oliveira (1993, 1994, 1995), Beltrán (1996) e Víñez (1996). Sucintas noticias sobre o trobador poden lerse tamén en Mattoso (1981: 366). Para os nomes dos poetas, incipit e número das cantigas citadas neste estudo, seguimos os dous volumes de *Lírica Profana Galego-Portuguesa*, publicados baixo a supervisión de Brea (1996).

² Con este patronímico aparece referido o trobador en parte da documentación castelá. O portugués é mencionado por primeira vez como Estevan Perez Florean en dídas cartas de Juan Alfonso de Haro datadas o 9 de xaneiro de 1292, talvez, e segundo Resende de Oliveira, “pelo facto de ter herdado os bens que o pai possuía no *jurgado* de Froião, junto do río Minho” (Oliveira 1994: 333). Noutra carta dese mesmo ano, de 22 de xaneiro, o poeta aparece entre as testemuñas con ese mesmo nome. Os referidos documentos publicounos Gaibrois (1928 III: CDXIV, doc. 603; CDXIV-CDXV, doc. 604, e CDXV-CDXVI, doc. 606). Véxase tamén Oliveira (1988: 728; 1993: 248; 1994: 333) e Víñez (1996: 541, n. 57). Perez Froian é, así mesmo, referido na documentación como Estevan Perez Ome, “acaso como hijo de Pero Homem Pereira” (Gaibrois 1928, II: 270).

³ Estes autores concretan a cronoloxía inicialmente trazada por Michaëlis, que situaba o trobador entre 1286 e 1304 (1904, II: 418-419).

que momento e que circunstancias provocaron que o trobador abandonase Portugal⁴. En efecto, a documentación portuguesa só indica que Perez Froian recibiu do bispo do Porto, don Sancho Peres, seu irmán, falecido en 1300, dous aneis que pertenceran ao seu proxenitor e a suma de 2.100 libras, parte delas resultantes dun préstamo que o trobador lle fixera a un rei portugués, talvez a don Denis⁵.

No que se refire á documentación castelá, a primeira mención a Perez Froian remóntase a 1283⁶. Neste ano, aínda en vida de Alfonso X⁷, o trobador ostenta o cargo de *meiriño-mor* do infante rebelde don Sancho en León e Asturias⁸, confirmando, o 15 de febreiro e o 11 de marzo, dous documentos que refiren unha venda de terras en Lorenzana, León (Casado Lobato 1983, II: 166-168, doc. 510; 171-172, doc. 512; Víñez 1996: 540). Posteriormente, e reinando xa en Castela don Sancho, Perez Froian é mencionado en textos da chancelería rexia como *garda maior* do rei, en 1286 (Gaibrois 1922, I: 37, n. 1; Rosell 1953: 74; Beltrán 1996: 136), e, entre o 2 de xuño de 1287 e o 30 de decembro de 1289, é citado de novo como *meiriño-mor* do

⁴ Gaibrois indica que “debió pasar a Castilla expatriado por causa del Boloñés” (1922, I: 49, n. c).

⁵ En opinión de Oliveira, se o rei é, efectivamente, don Denis, ese dato podería indicar que “Estevan Perez podería ter-se ausentado de Portugal apenas após o inicio do seu reinado, isto é, depois de 1279. Não encontrámos, porém, nenhum indício da sua presenza em Portugal no terceiro quartel deste século. Deste modo, admitindo que o empréstimo tenha sido contraído por D. Denis, ele pode ter ocorrido durante uma deslocação do trovador à corte régia portuguesa, embora não disponhamos igualmente de indicações sobre quaisquer viagens de Estevan Perez ao território português” (1993: 249; véxase tamén Oliveira 1994: 333).

⁶ De seu pai, Pero Peres Homem, sábese que participou na conquista de Sevilla (1248), pero nestas datas aínda non hai constancia documental de Perez Froian en Castela (Oliveira 1993: 248; 1994: 333; 1995: 121).

⁷ Oliveira sinala que Estevan Perez Froian desempeñou, nos últimos anos do reinado de Alfonso X, o cargo de xuíz en Salamanca como subordinado do infante don Sancho (1993: 248; 1994: 333; 1995: 122). Un Estevan Perez, sen máis precisións, aparece, en efecto, mencionado con ese cargo nunha real carta de don Sancho dada á Catedral de Salamanca o 25 de xuño de 1286. Nese escrito refírese un documento anterior “que les yo oue dado quando era Inffante en que mandé a Esteuan pérez que era juyz ala sazón en Salamanca, que fiziesse pesquisa sobre ello” (Gaibrois 1928, III: LXXVI-LXXVII, doc. 121 [LXXVII]).

⁸ Xa en 1284 é *meiriño-mor* en León don Rodrigo Álvarez, seguramente Rodrigo Álvarez Osorio, que é substituído en 1285 por Esteban Núñez Churruchão. Este confirma con tal cargo por primeira vez en documento do 16 de xaneiro dese ano, aínda que os días 18 e 22 dese mesmo mes volve confirmar Rodrigo Álvarez como meiriño; a partir do 12 de febreiro de 1285 é constante a confirmación de Esteban Núñez, que figura como titular do cargo ata o 13 de xaneiro de 1287. Xa o 7 de marzo de 1287 Esteban Núñez confirma como *meiriño-mor* en Galicia, pasando o cargo en León de novo a Perez Froian, que así valida un documento dado o 2 de xuño de 1287. Para estes datos, véxase Ballesteros Beretta (1984: 1042), Gaibrois (1922, I: 21, 36, 85-86, 150), Jular Pérez-Alfaro (1990: 205, 209-212), Oliveira (1993: 248; 1994: 333; 1995: 122), Beltrán (1996: 136), Víñez (1996: 540) e *infra*, n. 9. Para os cargos administrativos de adiantado e *meiriño-mor*, e para as súas competencias, consultese Pérez-Bustamante (1976, I), Jular Pérez-Alfaro (1990).

monarca, tamén neste caso con xurisdición sobre León e Asturias (Gaibrois 1922, I: 49, n. c; 150, 238, n. 1; Pérez-Bustamante 1976, I: 203, 235; Jular Pérez-Alfaro 1990: 205-206; Oliveira 1993: 248; 1994: 333; 1995: 122; Beltrán 1996: 136; Víñez 1996: 541)⁹.

Entre 1290 e 1293 Estevan Perez Froian abandona o cargo administrativo que viña desempeñando en territorio de León e Asturias para ocuparse de distintas misións diplomáticas e de asuntos de índole política de grande importancia para o reino¹⁰. Así, en abril de 1290, o trobador distínguese entre os embaixadores enviados por Castela para preparar as vistas que se celebrarían en Baiona entre Sancho o Bravo e Felipe IV de Francia¹¹. Tamén nese ano intervén no conflito que enfrentaba a don Sancho con Juan Núñez de Lara, señor de Albarracín, que tiña baixo a súa autoridade os castelos de Moya e Cañete, na fronteira aragonesa, e que se sublevara contra o monarca castelán confederándose con Alfonso III de Aragón. Vencido o exército de Castela en agosto de 1290, preto de Chinchilla, e tras diversos episodios bélicos, no outono dese ano concretáronse os acordos de paz entre as partes; Perez Froian foille entregado como refén ao de Lara, como un dos tenentes das fortalezas postas en garantía do cumprimento dos acordos pactados, San Esteban de Gormaz, Castrogeriz, Fermoselle

⁹ Os privilexios rodados en que confirma Perez Froian como *meiríño-mor* e as cartas que lle son dirixidas en calidade de tal foron publicados por Gaibrois (1928, III: XCVI-XCVII, doc. 158; XCIX-C, doc. 164; CII, doc. 169; CIII, doc. 171; CXVIII-CXIX, doc. 195; CXX-CXXI, doc. 198; CXXVIII, doc. 211; CXXXVI, doc. 225; CXLI, doc. 235 –rexitrando por Pérez-Bustamante (1976, II: 34, nº 70);– CXLIV-CXLVI, doc. 243; CLX-CLXI, doc. 266 –rexitrando por Pérez-Bustamante (1976, II: 36, nº 78);– CLXIV-CLXV, doc. 270; CLXVI-CLXVII, doc. 274; CLXIX-CLXX, doc. 278; CLXX-CLXXI, doc. 279), por Ubieto Arteta (1961: 88-91, doc. 39; 91-94, doc. 40) e por González Díez (1984: 239-242, doc. 148). Con data 5 de febreiro de 1290 confirma xa como *meiríño-mor* en León Fernán González Coronel (Gaibrois 1928, III: CLXXX-CLXXXI, doc. 291; *vide infra*, n. 10). De maio de 1289 data, segundo indica Jular Pérez-Alfaro, “una cita de “Fernán González Coronel merino mayor en tierra de Leon”, AHDL, (Bachilleres), 33. Puede tratarse de una confusión o quizás de una sustitución; Fernán González será Merino Mayor a partir de febrero de 1290 sustituyendo a Esteban Pérez” (1990: 206, n. 116). É, en calquera caso, unha noticia illada entre as confirmacións de Perez Froian ao longo deste ano.

¹⁰ Como xa se sinalou na nota precedente, o 5 de febreiro de 1290 confirma Fernán González Coronel como *meiríño-mor* en terra de León, substituíndo a Perez Froian. Fernán González era fillo de María Fernández Coronel, ama da raíña dona María de Molina e da infanta dona Isabel e dama de grande influencia e prestixio na corte (Gaibrois 1928, II: 22, 36; 1928, III: CLXXX-CLXXXI, doc. 291; Jular Pérez-Alfaro 1990: 212-214). O último documento en que confirma González Coronel data do 21 de xaneiro de 1292 (Gaibrois 1928, III: CCLXIV-CCLXV, doc. 395; Jular Pérez-Alfaro 1990: 213, n. 147). Con data 21 de novembro de 1292 reemprázao no cargo Pedro Fernández Cabeza de Vaca (Gaibrois 1928, II: 196; 1928, III: CCXCIV-CCXCV, doc. 438; Jular Pérez-Alfaro 1990: 214-215). Cabeza de Vaca será substituído polo propio Perez Froian, que confirma como *adelantado mayor* en León o 4 de outubro de 1294 (Gaibrois 1928, II: 270; 1928, III: CCCXLII-CCCXLIII, doc. 499; véxase máis abaixo, n. 15).

¹¹ Foron os embaixadores de Sancho IV ante o monarca francés don Gonzalo, arcebispo de Toledo, don Martín, bispo de Astorga, don Tello Gutiérrez, xustiza maior da casa real, e Perez Froian, “amigos predilectos do rey” (Gaibrois 1922, I: 50; 1928, II: 40; Jular Pérez-Alfaro 1990: 206-207; Beltrán 1996: 136).

e Trastámar¹². Xa en 1291, o trobador é mencionado no tratado que asinan Sancho IV e don Denis de Portugal o 15 de setembro en Ciudad Rodrigo. Nese documento dispone o matrimonio entre o infante don Fernando e a primoxénita portuguesa, dona Constanza, estipulándose as condicións de tal acordo, que contemplan a entrega a Portugal de distintas fortalezas como garantía do enlace; en concreto, e en concepto de “fieldat por razón de las arras”, sonlle entregados ao reino lusitano os castelos de Serpa e Moura, que estaban baixo mando de Perez Froian e que lle ofreceron as correspondentes rendas ata 1296¹³. Así mesmo, nos primeiros meses de 1292, o trobador está coa corte en Burgos, cidade en que confirma como testemuña os compromisos ofrecidos a Jaime II de Aragón por algúns nobres casteláns que debían garantir a paz de Monteagudo e Soria, asinada entre o aragonés e Sancho o Bravo nos meses de novembro e decembro de 1291 (Gaibrois 1928, II: 152-153; Jular Pérez-Alfaro 1990: 207; Beltrán 1996: 136)¹⁴.

¹² Nos pactos de reconciliación entre Sancho IV e o de Lara, “don Juan Núñez se asosegó mediante el matrimonio de su hijo don Juan Núñez *el Mozo* con doña Isabel, heredera de Molina, y la entrega, como garantía, de los castillos de San Esteban de Gormaz, Castrogeriz, Fermoselle y Trastamara. Mientras don Juan era entregado de estas fortalezas, quedarían en rehenes, en Moya, don Alfonso, hermano de la reina; el mayordomo mayor del rey, don Juan Fernández; Esteban Pérez Florián, Alfonso Pérez, Garci López Saavedra, Juan Rodríguez de Rojas, Alfonso Godínez y otros caballeros” (Gaibrois 1928, II: 78). Despois da entrega dos castelos, libráronse os reféns e celebrouse o matrimonio concertado nos acordos de paz. Para estes episodios e para o papel que neles xoga Perez Froian, véxase Gaibrois (1922, I: 150; 1928, II: 59-92), Rosell (1953: 82-84), Jular-Pérez Alfaro (1990: 206, n. 120), Beltrán (1996: 125, 136). Jular Pérez-Alfaro indica que Perez Froian ocupou as tenencias de San Esteban de Gormaz, Castrogeriz, Fermoselle e Trastamara “en un momento de compromiso político” e que a súa participación en tal tenencia “es producto de una actuación de tipo diplomático, justificada por la confianza regia”, que nada ten que ver co cargo administrativo que desempeñara con anterioridade (1990: 521-522 [522]).

¹³ Nese documento, “don Sancho se compromete a solicitar de Roma la necesaria dispensa y pone en ‘fieldat’ los castillos de Badajoz, Mora, Serpa, Cáceres, Trujillo, Allariz, Olivenza y Aguilar de Moa. Cumplido el matrimonio deben reintegrarse estas fortalezas al dominio de Castilla, excepto Mora, Serpa, Allariz, Olivenza y Aguilar de Moa, que fincarán ‘en fieldat por razón de las arras’” (Gaibrois 1928, II: 127; véxanse tamén, do mesmo estudo, as páxinas 126-128 e 270-271, así como Jular Pérez-Alfaro 1990: 207, 520, e Beltrán 1996: 136). O documento do mencionado tratado publicouno Gaibrois (1928, III: CCXXXIV-CCXXXVIII, doc. 369). Nel lese, en referencia a Perez Froian, o seguinte: “Et nos, el Rey de Castiella, somos tenido de fazer omenage con diez cavalleros, de vos dar al Inf. Don ferrando nro. fijo para casamiento dela Infant s.^a al tiempo delos ocho annos dichos, τ demás ponemos que los Alcales que tovieren los castiellos, fagan omenage que al un Rey nin al otro non entreguen las villas τ los castiellos, sinon segund las condicioneis τ posturas que son fechas en esta carta. τ las tenencias delos castiellos que nos el Rey Don Sancho avemos a pagar, son *slomadas* [sic] en esta guisa τ hanse de pagar delas rrentas de y dela tierra de mora τ de serpa, que tiene Estevan Peres, ome, XIII mil mr.” (Gaibrois 1928, III: CCXXXVII-CCXXXVIII). Segundo Jular Pérez-Alfaro, “también los castillos de Serpa y Mora son utilizados para garantía de pactos políticos. Se hace en 1291 en el compromiso entre Don Dionís y Sancho IV que estipulaba el matrimonio del infante castellano don Fernando con la infanta portuguesa. En la fidelidad de las arras portuguesas se sitúan los de Allariz, Olivenza, Aguilar de Moa y los citados de Serpa y Mora. Sobre los dos últimos se entrega a Esteban Pérez la alcaldía y el dominio sobre la plaza y su tierra, lo que le proporciona en el momento una renta de catorce mil maravedíes” (1990: 522).

¹⁴ Os documentos en que confirma Perez Froian foron publicados por Gaibrois (1928, III: CDXIV, doc. 603; CDXIV-CDXV, doc. 604, e CDXV-CDXVI, doc. 606). O tratado de Soria publicouno a mesma autora (1928, III: CCL-CCLVI, doc. 384).

Tras este período de tres anos, en que Estevan Perez Froian permanece na corte servindo os intereses rexios, o portugués volve ocupar un cargo de autoridade en terras de León: entre o 4 de outubro de 1293 e o 25 de abril de 1295, data da morte de Sancho IV, ocupa o posto de *adelantado mayor* (Gaibrois 1922, I: 49-50, n. c; 1928, II: 269, 270, 342; Pérez-Bustamante 1976, I: 203, 238; Jular Pérez-Alfaro 1990: 208; Oliveira 1993: 248; 1994: 333; 1995: 122; Beltrán 1996: 137)¹⁵, título administrativo de gran dignidade que ostentará, sempre no goberno territorial de León, co sucesor de don Sancho, Fernando IV, ata o 12 de decembro de 1296 (Pérez-Bustamante 1976, I: 238; Jular Pérez-Alfaro 1990: 208, 216; Oliveira 1993: 248; 1994: 333; 1995: 122; Beltrán 1996: 137)¹⁶.

Baixo mandato de Fernando IV, Perez Froian recibe orde, por carta do soberano de 20 de outubro de 1295, para lle facer entrega a don Denis das fortalezas de Serpa e Moura, que estaban baixo a súa autoridade, e que lle ofrecían rendas desde 1291 (Benavides 1860, II: 53, doc. XXXIII; González Mínguez 1976: 43, n. 49; Pérez-Bustamante 1976, I: 203; II: 44, doc. 100; Jular Pérez-Alfaro 1990: 208, 522; Beltrán 1996: 136). O trovador confirma, así mesmo, durante o reinado deste monarca, e abandonado xa o cargo territorial que ostentara en León e Asturias, varios documentos. En concreto, o 22 de febreiro de 1297, valida un privilexio de don Fernando en que se lle confirman ao bispo de Mondoñedo distintas prerrogativas que lle foran concedidas con anterioridade á Igrexa Catedral (Cal Pardo 1990: 37, doc. 61; 1999: 84-86, doc. 61; Beltrán 1996: 137); en 1302 confirma varios privilexios

¹⁵ O primeiro documento en que confirma Perez Froian con este cargo, en substitución de Pedro Fernández Cabeza de Vaca, está datado o 4 de outubro de 1293 (Gaibrois 1928, III: CCCXLII-CCXLIII, doc. 499; véxase antes, n. 10); o segundo, e último documento do reinado de Sancho IV, en que confirma o trovador como *adelantado mayor* data do 24 de abril de 1295 (Gaibrois 1928, III: CDVIII-CDIX, doc. 594).

¹⁶ Nese período confirma varios privilexios de Fernando IV, datados o 3 de agosto de 1295 (Torres Fontes 1980: 9-16, doc. X; 16-18, doc. XI; Rodríguez Molina 1990: 104-106, doc. 67), o 16 de xuño de 1296 (Benavides 1860, II: 90-92, doc. LXIII) e o 30 dese mesmo mes (Benavides 1860, II: 92-93, doc. LXIV), o 6 de xullo de 1296 (González Mínguez 1976: 347-352, doc. II), o 27 de outubro (Benavides 1860, II: 102-103, doc. LXXIII) e, finalmente, o 12 de decembro de 1296 (Benavides 1860, II: 110-112, doc. LXXIX). Nun documento de 26 de xuño de 1295 aparece como adiantado Fernán Pérez (Torres Fontes 1980: 2-4, doc. III, que o identifica con Estevan Perez no “Índice General”, p. 119), “pero sin duda es error del copista o traductor el dar “*Fernán*” por “*Esteban*” (Jular Pérez-Alfaro 1990: 208, n. 126; véxase tamén Víñez 1996: 541). Así mesmo, nun documento do 4 de xuño de 1296, en que Fernando IV lles outorga e confirma diferentes privilexios ao bispo e cabido de Coria, figura como adiantado maior en León e Asturias Diego Ramírez. Neste documento confirma tamén, esta vez sen atribución de cargo, Perez Froian (Martín Martín 1989: 74-75, doc. 37; véxase tamén Beltrán 1996: 137). Aínda como *adelantado mayor* é mencionado o trovador nun documento datado o 3 de xuño de 1302 (Benavides 1860, II: 308-310, doc. CCIX; Pérez-Bustamante 1976, I: 204-205, 235; Beltrán 1996: 137), “pero quizás atendiendo a su pretérita calidad honorífica, puesto que, en julio es otro el titular del Adelantamiento” (Jular Pérez-Alfaro 1990: 208). Para os datos aquí referidos, consúltese, así mesmo, Víñez (1996: 541).

dados polo soberano nas cortes de Burgos, os días 26 e 27 de xullo (Benavides 1860, II: 316-322, doc. CCXV; 322-325, doc. CCXVI –nese documento lese Don Estevan Perez Noria, seguramente por erro–; 325-327, doc. CCXVII; 327-330, doc. CCXVIII; González Mínguez 1976: 354-357, doc. V), un documento expedido por don Fernando en Ávila o 16 de setembro (Benavides 1860, II: 331-334, doc. CCXXI; González Crespo 1985: 585-592, doc. 335; Víñez 1996: 541) e mais un privilexio dado polo monarca ao arcebispado de Toledo e cabido da súa igrexa o 12 de novembro (Benavides 1860, II: 336-338, doc. CCXXIV). En 1303 está tamén documentada a actuación diplomática de Perez Froian ao servizo de María de Molina e de Fernando IV nos conflitivos momentos da guerra civil que se vivía en Castela (Rosell 1953: 130; González Mínguez 1976: 156; Beltrán 1996: 137), confirmando, así mesmo, o trovador nese ano, o 14 de xaneiro, un privilexio dado aos moradores do Castelo de Espejo (Benavides 1860, II: 340-342, doc. CCXXVII) e, o 15 de maio, un privilexio polo que don Fernando entrega o poboado de Chiclana a Alonso de Guzmán (Benavides 1860, II: 349-351, doc. CCXXXIII). Xa en 1304, o 6 de febreiro valida un privilexio dado polo monarca ao prior do Hospital de Xerusalén (Benavides 1860, II: 383-387, doc. CCLIII), o 22 de marzo confirma un documento dado ao bispo e cabido de Lugo (Benavides 1860, II: 393-395, doc. CCLX), o 27 de maio valida en Burgos un documento en que Fernando IV “promete al concejo de Cuéllar que solucionará todas sus quejas y agravamientos” (Ubieto Arteta 1961: 120-125 [120], doc. 54; Víñez 1996: 541), o 23 de setembro valida un privilexio do soberano que confirma a doazón do castelo de santa Eufemia feita polo *concejo* de Córdoba a Fernando Díaz (Benavides 1860, II: 439-442, doc. CCXCVI), o 24 dese mesmo mes confirma a doazón de Bornos a Fernán Pérez Ponce (Benavides 1860, II: 442-444, doc. CCXCVII) e o 28 de novembro valida un privilexio dado por don Fernando ao deán e cabido de santo Domingo de la Calzada en que se confirma outro que lles fora outorgado por Alfonso X (Benavides 1860, II: 461-464, doc. CCCXVII). Por fin, o 6 de febreiro de 1305 Perez Froian confirma un privilexio do monarca dado á sé de Mondoñedo (Benavides 1860, II: 468-472, doc. CCCXXII; Cal Pardo 1999: 92-97, doc. 67). O 15 de maio de 1305 está, non obstante, ausente a súa sinatura nun privilexio rodado outorgado por don Fernando ao *concejo* de Salinas de Añana (Gaibrois 1928, II: 40-41, n. 2; González Mínguez 1976: 366-371, doc. XX; Jular Pérez-Alfaro 1990: 208; Beltrán 1996: 137). Cinco días antes, o 10 de maio, o monarca revocara en favor do concello de Tordesillas, nun documento dado en Medina del Campo, a doazón dos lugares de Bercero e Matilla que lle fora feita con anterioridade ao trovador (Castro Toledo 1981: 41; Víñez 1996: 541-542), talvez porque este xa falecera nesa data (Castro Toledo 1981: 41-44, doc. 51; Jular Pérez-Alfaro 1990: 208; Oliveira 1993: 248; 1994: 333; 1995: 122; Beltrán 1996: 137; Víñez 1996: 541-542).

Ademais dos datos apuntados nas liñas precedentes, que nos mostran a Perez Froian vinculado por lazos de parentesco á alta nobreza castelá e protagonista activo da

vida política durante os reinados de Sancho o Bravo e de Fernando IV, contamos con algunas informacións de tipo económico referidas ao trovador que se localizan nos libros de contas e nos rexistros da chancelería de don Sancho. Estevan Pérez Froian recibe, en concreto, durante o reinado deste monarca, e en distintas entregas, 6.000, 1.500 e 8.000 marabedís¹⁷, ademais de varias cantidades que lle son entregadas en concepto de *soldada*¹⁸ e de *yantar*¹⁹. Ademais destas e doutras rendas²⁰, o “Merino principal” e “único Adelantado Mayor de León durante el gobierno de Sancho IV” (Jular Pérez-Alfaro 1990: 499, 208) recibe na distribución dos tributos pagados polas *alijamas* de Castela distintas cantidades, que suman un total de 11.779 marabedís²¹.

¹⁷ Véxase Gaibrois (1922, I: 50; XXXIX, “A Estevan Perez Froyan, VI mil mrs. [era de MCCCXXXII]; CIX, “A Estevan Pérez Froyan, por quitación de Setiembre, et que gelos diese en panos sin Alvalá MD mrs. [era de MCCCXXXII]”; CLVIII, “en XXIII dias de dezienbre, a esteuan pérez fi de don pero, omne, ocho mil mr. de la moneda dela guerra, angelos adar don mose abudarham t el barchilón [era de MCCCXXII]”), Jular Pérez-Alfaro (1990: 207).

¹⁸ Cfr. Gaibrois (1922, I: LIII, “A Esteban Pérez Florián, que habie de haber para cumplimiento de su soldada de la Era de XXXI, II mil mrs., et mostró su carta de paga déstos”), Jular Pérez-Alfaro (1990: 207, 503).

¹⁹ Consultése Gaibrois (1922, I: CLX, “en este dia mismo [27 de marzo], a Johan de biade, a V sueldos, CCL mr. angelos adar esteuan pérez, fijo de don pero omne, delas yantares que Recabda, que non dieron a rodrigo áluarez nijn a sus merjnos [era de MCCCXXIII]”; CLXVII, “a todos los concejos de asturias que diesen las yantares a esteuan pérez fijo de pero omne t fué carta en esta razon a todos los concejos de tierra de León t de la samoña [era de MCCCXXIII]”. Con respecto ás dídas primeiras indicacións de Gaibrois, sinala Jular Pérez-Alfaro: “Queda claro que Esteban es quien recibe la recaudación y que de ella debía pagarse a Rodrigo Alvarez [Osorio] y sus delegados. Tiendo a pensar que Esteban como Adelantado o Merino Mayor superior a otros nominados sea el oficial receptor de los yantares. En 1293 y 1294 es él el Merino principal y quizás por eso se le indica el cumplimiento de derecho para pagar a otros merinos y la percepción propia, pero no me atrevo a ser rotunda” (1990: 504, n. 165; véxase tamén, do mesmo estudo, a páxina 207).

²⁰ Véxase Gaibrois (1922, I: 50; XXXVI, “Otro si les mandan contar esto que aqui será dicho: Las alzadas de tierra de León y de Asturias que dió el Rey a Esteban Perez Merino et por la mingua que la Chacelleria del Rey recibie por esta razón, mandaron les contar III mil mrs. [era de MCCCXXXII]”; CVI, “Panno de Suerte e de Doay, a XXX mrs. las XXV varas e las XX varas a XXV mrs. –A Estevan Pérez Froyán, para un Tabaro de Morbi, por Alvalá del Obispo, fecha XXX de Septiembre [era de MCCCXXXII], et recibioló por él”). En relación co primeiro dato sinalado por Gaibrois, indica Jular Pérez-Alfaro: “interpretó que se exige a la población ésa o parte de la cantidad” (1990: 504, n. 165; véxase tamén a páxina 207 dese mesmo estudo).

²¹ Referencias en Gaibrois (1922, I: CLII, “en valladolit II dias de marzo [era de MCCCXXII], a esteuan pérez merjno de tierra de León, CCCCLXXV mr. dela moneda nueua a razón de V ssueldos el mr. puestos en el aliamma delos judios de salamanca”; 1928, II: 270), completadas por Jular Pérez-Alfaro, que indica, tomando datos da participación de Huete (1291): “Esteban Pérez Florián [...] recibe cinco mil maravedies [...] de la “judería de Carrión, con Saldaña y Monzón”, la tercera cantidad en importancia dada a los trece vasallos regios que cobran rentas de la judería; setecientos noventa y tres mrs. [...] en la “judería de Cea” (obispado de Palencia) de los casi dos mil [...] repartidos entre tres vasallos regios; dos mil seiscientos sesenta mrs. [...] en la “judería de Osma” (obispado de Osma) de los próximos a dieciseis mil [...] repartidos entre una docena de vasallos del rey, de la que la mitad los recibe por recente adjudicación en el Ordenamiento de Toledo frente a la otra mitad que ya los disfrutaban (entre

Estas cifras²², que son indicativas da gran riqueza patrimonial que posuía o trobador, refiren tamén a estima de que este gozaba nos círculos áulicos, que o beneficiaron largamente desde o punto de vista económico e que, sobre todo, lle outorgaron o gran don da estima e da confianza rexias.

2. De don Estevan Perez Froian reproducen o *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa (B)*²³ e o *Cancioneiro da Biblioteca Vaticana (V)*²⁴, copiados en Italia, na Curia romana, arredor de 1525-1526 por mandato de Angelo Colocci, unha única cantiga, *Senhor, se o outro mundo pasar*²⁵, composta segundo os principios do canto cortés²⁶. En B, a composición está copiada no f. 198v (cols. a-b), folio que se integra no fascículo 24 do códice, un quinión regular transcrito en letra bastarda polo copista que A. Ferrari identificou coa letra e (1979: 123, 86). Obsérvase neste sector do cancionero, e para o texto que aquí nos ocupa, a intervención de Colocci, que numerou a cantiga coa cifra 923 e que, así mesmo, reproduciu a rúbrica

ellos, Esteban Pérez, “*de los que ya tenia Gonsalo Ramires*”); más tres mil trescientos veintiseis mrs. [...] situados en la “judería de Ávila” (obispado de Ávila). Un total de once mil setecientos setenta y nueve mrs. [...] percibidos en un año, cantidad más elevada que la del anterior [merino, Rodrigo Álvarez Osorio] como también es más elevada su participación política en el reinado y en el Adelantamiento de León y Asturias” (1990: 499-500; véxanse tamén as páxinas 498-499 dese mesmo estudo).

²² Na síntese de Jular Pérez-Alfaro, “a los once mil setecientos setenta y nueve maravedíes [...] reunidos en aljamias de Castilla, añade [Froian] cuatrocientos setenta y cinco [...] procedentes de la aljama de Salamanca; a esa soldada de dos mil mrs. [...] de 1293 une los seis mil mrs. [...] de 1294, más “*las alzadas de tierra de León et de Asturias que dió el Rey a Esteban Perez Merino*”, remuneradas. Sin que olvidemos percepciones de yantares más los catorce mil mrs. [...] que percibe de las rentas de la tenencia de fortaleza y tierra de Serpa y Mora –elevadas en proporción por ejemplo, a los seis mil [...] que en el mismo momento renta el alcázar de Zamora o los cinco mil [...] que recibe el Adelantado de Frontera” (1990: 503-504).

²³ Sobre este códice realizou A. Ferrari un excelente estudio codicolóxico (1979, 1993a). Traballamos, para esta edición, coa reproducción facsimilar do manuscrito (B 1982).

²⁴ Para a descripción de V, véxase Ferrari (1993b). Para a edición do texto que aquí nos ocupa, partimos da reproducción mecánica do códice (V 1973).

²⁵ Tamén o *Cancioneiro da Bancroft Library (K)*, codex descriptus de V, transmitiu o texto atribuído a Perez Froian. Copioulo nos ff. 115r, col. b, 115v, cols. a-b, en letra cursiva, o terceiro dos amanuenses identificados por Sharer como responsables da elaboración do códice que fora visto por Varnhagen na biblioteca “de um Grande d’Hespanha” e que hoxe se conserva na Universidade de Berkeley, California (Askins 1991 [44, 45], 1993). Carecemos de facsímile deste manuscrito; para este estudo, traballamos coa reproducción en diapositivas que se guarda no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (Xunta de Galicia).

²⁶ O texto está ausente do *Cancioneiro da Ajuda (A)*, seguramente en virtude da cronoloxía do trobador, tardía. Sobre a data e centro de elaboración deste códice, léase canto escribiron Michaëlis (1904, II: 151-157, 227-288), Tavani (1969: 137, 178; 1988: 94-95, 121-122), Ramos/Oliveira (1993), Oliveira (1994: 265-267) e Ramos (1994: 41-46). Para unha síntese das distintas achegas críticas, consúltense Arbor Aldea (2005). A dispón dunha reproducción facsimilar imprescindible para o investigador (A 1994).

atributiva que a acompaña no espazo en branco que se contemplou no proceso de copia para separar un poema do seu precedente: *don Estevan Perez Froian*²⁷. Na transcripción do texto empregouse, para o inicio de cada un dos seus versos, unha letra maiúscula carente de adorno, maiúscula que é de módulo maior no verso que abre a composición. No *Cancioneiro da Vaticana* o texto foi reproducido, en letra humanística, polo único amanuense encargado da copia da antoloxía. Ocupa, en concreto, a cantiga a maior parte da columna a e o comezo da columna b do f. 81'v –segunda numeración coloquiana–, folio que pertence ao caderno 7 do códice (Ferrari 1993b: 124). Tamén neste cancionero foi Colocci o encargado de anotar a rúbrica atributiva que acompaña a composición, *don Estevan Perez Froian*²⁸, no espazo deixado en branco polo amanuense para separar as diferentes pezas líricas. A disposición do poema neste manuscrito responde, polo demais, ás características que definen a copia da antoloxía, que contempla a presenza de maiúsculas destacadas, sen adorno, para as distintas cobras da cantiga e a ausencia dunha maiúscula de módulo maior para a primeira estrofa da composición (Ferrari 1993b: 124).

Como se deduce da numeración de *B*²⁹, a cantiga está inserida na sección que no primitivo cancionero colectivo estaba destinada a acoller as composicións elaboradas segundo os parámetros que definían a canción de muller, as *cantigas de amigo*³⁰. Da combinación deste dato co relativo á cronoloxía tardía de Perez

²⁷ A lección do Colocci-Branuti é *Dom esteuon perez Eroyā*. Aínda que o último vocábulo podería ofrecer dúbidas na súa lectura, confirma esta a lección que se recolle no índice que sobre *B* elaborou o propio Colocci, a coñecida *Tavola Colocciiana Autori Portughesi* (C). Neste índice o humanista iesino anotou 923 *Dom Steuan Perez Eroyā* (véxase a lectura de E. Gonçalves 1976: 418, e a correspondente reproducción fotográfica do f. 303r do códice Vat. lat. 3217, en que se rexistra a referencia a Perez Froian, na parte final dese mesmo traballo). Colocci é, xunto co copista a, e salvo contadas excepcións, o encargado de transcribir as rúbricas atributivas en *B* (Gonçalves 1994: 981).

²⁸ Recollemos aquí a transcripción paleográfica da rúbrica coloquiana: *Don Steuan perez iroyām*. Lémbrese que, a partir do f. 32v, é Colocci o encargado de transcribir as rúbricas atributivas no códice vaticano, ocupándose o copista dos textos atributivos extensos e das razos (Ferrari 1993b: 124; Gonçalves 1994: 980-981).

²⁹ A diferenza de canto sucede no *Cancioneiro da Biblioteca Nacional*, no códice vaticano os textos non foron numerados por Colocci; Monaci atribuíulle á cantiga obxecto de análise o número 511.

³⁰ Esta sección comezaba, antes do engadido de novos materiais poéticos ao primeiro cancionero colectivo, coa copia de B 626 (V 227), primeira cantiga de amigo de Fernan Rodriguez de Calheiros, e concluía inmediatamente antes do sirventés político de Johan Soarez de Pávia *Ora faz ost' o senhor de Navarra* (B 1330bis, V 937), que iniciaba a secuencia das cantigas satíricas. Ambas as seccións estaban provistas naquela primeira antoloxía das correspondentes rúbricas codicolóxicas: *Esta folha adeante se començan as cantigas d' amigo que fezeron os cavaleiros e o primeiro é Fernan Rodriguez de Calheiros* (B, f. 137v, col. a; V, f. 33'r, col. a), no primeiro caso, e *Aqui se començan as cantigas d' escarnh'e de maldizer* (B, f. 285r, col. b; V 148'v, col. b), no segundo. Para a análise destas rúbricas, véxase Gonçalves (1991: 449; 1994: 981-984), Lagares (2000: 30).

Froian, a que xa nos referimos en detalle na epígrafe precedente e que seguramente propiciou a súa ausencia de A, derívase que o trobador debeu incorporarse á tradición manuscrita da lírica profana galego-portuguesa con toda a probabilidade na última fase de recolla e copia do material poético, nun momento en que xa non operaban os criterios xenérico, cronolóxico e sociolóxico que presidiran o traballo de selección e organización dos textos efectuado polos primeiros antólogos desta manifestación poética³¹. O privado de Sancho o Bravo e de Fernando IV accedería ás compilacións colectivas no ocaso, polo tanto, do movemento lírico implantado no occidente ibérico, no denominado por A. Resende de Oliveira “segundo nivel de formação dos cancioneiros” (1994: 116), integrándose, en concreto, nas seccións, neste caso na de *amigo*, que se lles engadiron aos tres sectores que inicialmente conformaban a primeira antoloxía colectiva, isto é, na denominada “zona complementar”³². Estamos, pois, nos momentos en que se desenvolven os traballos de elaboración do exemplar que había de dar orixe aos apógrafos italianos³³, o denominado por Tavani subarquetipo α, que se vén identificando tradicionalmente co célebre, e discutido, *Livro das Cantigas* que don Pedro de Portugal lle legaba no seu testamento, datado o 30 de marzo de 1350, ao seu sobriño Alfonso XI de Castela (Sousa 1946: 174-177).

Precedido inmediatamente nos cancioneiros italianos por Pero Gonçalvez de Portocarreiro (*B* 918-920bis, *V* 505-508) e por Pero Goterrez (*B* 921-922, *V* 509-510), dous autores tardíos e de perfís biográficos borrosos que deberon frecuentar a corte de Sancho IV (Donati 1979: 67-69; Oliveira 1988: 746-747; 1994: 417-418; Indini 1993b; Tavani 1993; Beltrán 1996: 124, 127-128; Calderón 1996:

³¹ Para a organización das primeiras colectáneas trobadorescas, consúltense Michaëlis (1904, II: 180-226 e, complementariamente, 227-288), Tavani (1969: 77-179; 1988: 53-122; 1991: 63-82; 2002b: 81-130), Oliveira (1988, 1994).

³² Esta zona, que se concluiría a mediados do século XIV, engadiulle autores á denominada zona tripartita (para esta, véxase Oliveira 1994: 13-41, 43-98, 109-121), ben no seu interior, ben a continuación, completando a presenza de trobadores coa integración de novos axentes poéticos e ampliando a cronoloxía daquela con poetas de fins do século XIII e da primeira metade da seguinte centuria, ademais de con outros anteriores que só se incorporan neste momento ás compilacións colectivas (Oliveira 1994: 13-41, 99-108, 116).

³³ Ben indirectamente, ben directamente, como ten discutido a crítica. O debate arredor da tradición manuscrita da lírica profana galego-portuguesa iniciouno G. Tavani (1969), que postulaba a existencia de distintos codices interpositi entre o subarquetipo α e os cancioneiros B e V, e foi continuado por J. M. D' Heur (1974, 1984), E. Gonçalves (1976) e A. Ferrari (1979), que, coas súas achegas críticas, simplificaron notablemente o *stemma codicum* formulado polo profesor italiano. Este mántivo, non obstante, aquela árbore xenealóxica no seu volume *Ensaios portugueses* (1988: 53-178), en que resposta ás obxeccións que lle formularan os autores apenas citados. O estado da cuestión, que está lonxe de encontrarse pechada, pódese ver en Gonçalves (1993b, 1995) e nos últimos escritos que sobre este argumento publicou Tavani (1999; 2002a: 13-28; 2002b: 81-130).

323-328), Estevan Perez Froian puido acceder á tradición manuscrita mediante un *rotulus* individual³⁴ ou, quizais, formando xa parte dunha pequena recolla poética, elaborada talvez na corte de Castela³⁵. Esta pequena antoloxía, que tamén podería conter a produción lírica de Portocarreiro e Goterrez, sería copiada ulteriormente dentro dun grupo compacto de textos caracterizados pola categoría clerical dos seus autores, isto é, na denominada *Liedersammlung* de clérigos, elaborada no primeiro cuarto do século XIV ou mesmo un pouco despois³⁶.

O privado e cortesán de Sancho IV e do seu fillo don Fernando formaría parte, polo tanto, do “último grupo de trovadores cujas composições tiveram acceso

³⁴ *Rotulus* que podería conter un único texto, como parecen confirmar determinados indicios presentes nos cancioneiros para a producción doutros trovadores (véxase Tavani 1969: 164-165; 1988: 113-114).

Froian, na parte final dese mesmo traballo). Colocci é, xunto co copista a, e salvo contadas excepcións, o encargado de transcribir as rúbricas atributivas en B (Gonçalves 1994: 981).

³⁵ Como indica Oliveira, “À primeira vista pode pensar-se que, com este compilador [o do cancioneiro xeral de mediados do século XIV], confluirá no cancioneiro portugués tradições manuscritas cujo trajecto anterior teria sido não só independente da compilação portuguesa, mas também exterior ao próprio espaço português e aos círculos cortesãos frequentados pelos seus trovadores” (1988: 703).

³⁶ A secuencia dos autores que conforman a antoloxía de clérigos é a que segue: Airas Nunez (*B* 868-885bis, *V* 454-469), Afonso (Alvaro?) Gomez, jograr de Sarria (*B* 886, *V* 470), Martin Moxa (*B* 887-898, *V* 471-483), Roi Fernandiz de Santiago (*B* 899-914, *V* 484-501), Martin Moxa (*B* 915-917, *V* 502-504), Pero Gonçalvez de Portocarreiro (*B* 918-920bis, *V* 505-508), Pero Goterrez (*B* 921-922, *V* 509-510), Estevan Perez Froian (*B* 923, *V* 511), Gomez Garcia (*B* 924-925, *V* 512-513), Roi Fernandiz de Santiago (*B* 926-932, *V* 514-520), Pai da Cana (*B* 933-934, *V* 521-522), Per' Eanes Marinho (*B* 935, *V* 523), Sancho Sanchez (*B* 936-941, *V* 524-529). Deste cancioneiro de clérigos, e á marxe de Portocarreiro, Goterrez e Froian, os tres vinculados á nobreza, non formarían parte inicialmente nin Afonso Gomez nin Per' Eanes Marinho. A colocación do “jograr de Sarria” no interior desta antoloxía, precedendo os textos de Moxa, explicitouna L. Stegagno Picchio nos seguintes termos: “la canzone satirica contro Moya [*Martin Moxa, a mia alma se perca*, *B* 886, *V* 470, a única que copian os apógrafo do poeta “de Sarria”] [...] ha l'evidente funzione di introdurre il canzoniere del nostro poeta [Moxa]: si ritenga che lo “scherno” facesse già parte del rotulo da cui sarebbero state trascritte le poesie di Moya, o che il suo inserimento in questo luogo risalga al primo collettore o ad uno dei successivi ordinatari dell'antologia, è un fatto che conservazione e collocazione vi appaiono strettamente condizionate dal contenuto” (1968: 56; véxase tamén Tavani 1969: 160; 1988: 110; Oliveira 1988: 715, 722; 1994: 303). En canto a Eanes Marinho, así entendeu Oliveira a súa inclusión no interior deste grupo de clericis: “a colocação de Pero Anes nas compilações colectivas deve ter estado dependente da de João Airas de Santiago [trovador que ve copiada parte da súa produción lírica a seguir da secuencia de clérigos (*B* 942-967, *V* 530-554)]. É, pelo menos, o que se pode depreender da rubrica que acompaña a sua única composición, uma cantiga de amor: “Esta cantiga fez Pero Anes filho de Johan Rodrigues de Valadares per salvar outra que fez Johan Ayras de Santiago que diz assi comenzou: Dizen amigo que outra señor queredes vós sen meu grado filhar” (*B* 935/*V* 523 [...])” (Oliveira 1994: 407; véxase tamén 1994: 197-198; 1988: 714-715, 744-745). Para a caracterización da, en palabras de Oliveira, “compilação de clérigos”, consúltese Tavani (1969: 174-175; 1988: 120; 1991: 75-77; 2002b: 115-116), Oliveira (1988: 701-702, 715, 717-718; 1994: 196-197, 237-238, 240-241, 245-246). Para a copia nos cancioneiros de Froian, Portocarreiro e Goterrez, vexáse Oliveira (1988: 705-707, 727, 746-747; 1994: 241-250, 333, 417, 418).

ao grande cancioneiro colectivo preparado na década de quarenta do séc. XIV” (Oliveira 1994: 246), grupo de trovadores que debeu servirse de espazos en branco dispoñibles naquela antoloxía para reproducir a súa obra. A inclusión de Perez Froian nesa *summa* poética debeu responder, como a dos autores que canda el se copiaron, ao principio que guiaba a vontade dos últimos antólogos da lírica profana galego-portuguesa: “e pero que é ben que o ben que home faz se non perça”, como indica a rúbrica atribuída a don Pedro de Portugal que acompaña as dúas cantigas de amor de Vidal colocadas na parte final da sección de escarnio dos apógrafos italianos (*B*, f. 339v, col. b; *V*, ff. 187'r, col. b, 187'v, col. a). Sería, xustamente, este principio o que lle permitiu ao señor de Froian deixar memoria do seu paso polo espectáculo trovadorescio.

3. A única cantiga de Estevan Perez Froian transmitida polos apógrafos italianos *B* e *V*³⁷, *Senhor, se o outro mundo pasar*, preséntase, en ambos os manuscritos, afectada por un elevado número de errores mecánicos e nela verífcanse, así mesmo, diversos *loci critici* que remiten a un antecedente común aos cancioneiros quiñentistas seguramente deturpado ou afectado en diversas pasaxes por errores de copia. Recollemos, a seguir, algúns exemplos ilustrativos deses errores: 1. rasar *B* : pasar *V*; 2. pase passey *B* : rase rassey *V*; 3. coita *B* : corta *V*, coma qui *B* : toma qui *V*; 4. E le ueno iseruo *B* : eleneno iserno *V*, moirar *B* : morar *V*; 5. senhora *BV*; 6. p co *B* : p eo *V*; 8. harar *B* : hara *V*; 9. cousir *B* : toisir *V*; 10. E dom etey *B* : e amecey *V*, arir *BV*; 11. filhey me *B* : silhey me *V*; 14. pode sen durar *B* : podese durar *V*; 15. if’ no *B* : isno *V*; 18. E quanto co quanto *B* : e quanto da quāto *V*; 20. sofro *BV*, descomuna *BV*; 21. acoirey *B* : o coyry *V*; 23. Porque sei dī 9uosso corpo atal *B* : porq̄ soedes ouosso corpo atal *V*; 24. homē *B* : home *V*, sllr mal *B* : sobī mal *V*; 25. sabera *B* : sodere *V*; 26-27. Que vola dam andara *B* : q̄ uolo domādare *V*, p' mȳ poys dī Eu moirer *B* : p̄ mȳ pois eu morrer *V*. É posible, en boa medida, superar estes problemas recorrendo á *emendatio ope codicum* ou a unha *emendatio mixta*; con todo, nun limitado número de casos é obrigado proceder a una *emendatio ope ingenii* (véxanxe os versos 18, 20 ou 23). O texto resultante do proceso crítico, que se ofrece a seguir, preséntase seguindo os criterios de edición que se consensuaron nas sesións de traballo do *I Coloquio sobre Crítica Textual. A Edición da Poesía Trobadorescia en Galiza*, celebrado nas illas de San Simón e de San Antonio (Pontevedra) os días 22 e 23 de xuño de 2006 (Ferreiro/Martínez Pereiro/Tato Fontañá 2007). De acordo con

³⁷ Aínda que o texto tamén foi copiado en *K*, e aínda que as leccions deste manuscrito poden aclarar pasos que hoxe son de difícil lectura no códice da Vaticana ou axudar a entender o propio mecanismo da copia (véxase, a este respecto, a “défense et illustration du *descriptus*” que fan tanto Ferrari 1991, como Gonçalves 1995), dado que este testemuño carece de interese para o trazado *stemma codicum* da tradición manuscrita da lírica profana galego-portuguesa, dado que conservamos o seu modelo e dado que *K* multiplica os errores deste (véxase Tavani 1999: 4), optamos por non incluír as súas variantes na presente edición.

eses criterios, a cantiga de Perez Froian someteuse a un proceso de regularización, nivelación e simplificación gráficas, respectuoso coas peculiaridades fonético-fonolóxicas do texto, que contempla os seguintes aspectos:

- Empregamos os grafemas *i*, *u* para os valores vocálicos (*asy>asi*; *mha>mia*) e *j* e *v* para grafar os consonánticos (*ia>ja*; *uos>vós*).
- Para representar a lateral palatal usamos a grafía *lh* (*olhos*); para a nasal palatal empregarase o dígrafo *nh* (*senhor*).
- Para grafar a africada predorsal xorda, utilizarase *c* ante *-e* (*comecei*) e *ç* ante *-o* (*pco > perço*).
- Despois de elisión vocálica, e ante *e*, *i*, conservamos a consoante final *g*: *log'* *enton*, *log' i*.
- Mantemos, en posición intervocálica, a distinción existente no texto entre *-s-* e *-ss-*: *pasar*, *passei*.
- Elimínase de forma sistemática o *h* etimolóxico: *ha>á*; *homē>omen*.
- Simplificamos as consoantes xeminadas gráficas en calquera posición, a non ser *-rr-* e *-ss-* intervocálicos: *ssen>sén* (pero *uosso>vooso*).
- Desenvolvemos o til de nasalidade en *n* cando abrevie unha consoante nasal implosiva, ben en final de sílaba, ben en final de palabra (*logēton > log'* *enton*, *cō > con*). Ante as oclusivas *p* e *b* empregarase *m* (*desenparado > desemparado*); o *m* final reproducése como *n* (*tam > tan*).
- Para a unión e separación de palabras, seguimos os criterios actuais.
- Empregamos o apóstrofo para marcar a elisión da vocal final nas crases por fonética sintáctica (*com' aqueste*, *pas' e passei*) e nas crases en que participan a preposición *de* e o adverbio *aqui* (*d' aqui*).
- Recorremos ao guión para marcarmos a unión dos pronomes enclíticos (*filhei-me*); tamén empregamos este elemento gráfico en aglutinacións pronominais como *vo-lo*.
- Regularizamos o uso de maiúsculas e minúsculas conforme aos usos actuais, puntuamos e colocamos signos de admiración só ao final da cláusula. Acentuamos seguindo criterios diacríticos.

B 923, f. 198v, cols. a-b; *V* 511, f. 81'v, cols. a-b.

Edicións. Monaci (1875: 186; 511), Braga (1878: 97; 511), Nunes (1971: 341-342; CLXVIII), Machado (1953: 284-287; [867]).

Repertorios. Tavani (1967: 407; 1), D'Heur (1973: 926).

Senhor, se o outro mundo pasar
asi com' aqueste pas' e passei,
e con tal coita com' aqui levei
e lev', eno iferno ei de morar

- 5 por vós, senhor, ca non por outra ren,
ca por vós perço Deus, e siss', e sén,
cando vos vejo dos olhos catar

Atan muit' aposto que non á par;
e ja me trabalhei de os cousir

- 10 e comeceei log' enton a riir
e er filhei-me log' i a chorar
como omen desemparado d' Amor,
e de vós, ai fremosa mia senhor,
non sei como esto podes' endurar!

- 15 E ja que vos no iferno falei,
senhor fremosa, e na coita d' aqui
que por vós ei, vedes quanto entend' i
e quanto [eu] dauesto mui ben sei:
que ala non poderia aver tal
20 coita qual sofri, tan descomunal,
e sof', e nunca por vós acorr' ei!

Ca vedes, mia senhor, porque vo-lo ei:
porque fez Deus o vosso corpo atal
en que nunca pode omen saber mal,

- 25 nen sabera, mais eu gran pavor ei
que vo-lo demandará por min Deus,
pois eu morrer, [ai] lume destes meus
olhos, que sempre más que min amei!

1. Senhor *B* : Senho *V*, mudo *B* : mundo *V*, rasar *B* : pasar *V* 2. Asy *B* : asý *V*, pase
passey *B* : rase rassey *V* 3. coita *B* : corta *V*, coma qui *B* : toma qui *V* 4. E le ueno
iseruo *B* : eleneno iserno *V*, moirar *B* : morar *V* 5. senhora *BV*, ca uon *B* : ia nō *V*
6. p co *B* : p eo *V* 8. harar *B* : hara *V* 9. cousir *B* : toi sir *V* 10. E dom etey *B* : e
amecey *V*, arir *BV* 11. filhey me *B* : silhey me *V* 12. Como *B* : tomo *V* 14. como
B : tomo *V*, pode sen durar *B* : podese durar *V* 15. if'no *B* : isno *V* 16. coytá *B* :
toytá *V*, daqny *B* : daquy *V* 18. E quanto co quanto muy ben sey *B* : e quanto da

quāto muy bē sey *V* **19.** auer tal *B* : aueretal *V* **20.** sofro *BV*, descomuna *BV* **21.** acoirey *B* : o coyry *V* **23.** Porque sei d̄s 9uoſſo corpo atal *B* : porql soedes ouoſſo corpo atal *V* **24.** homē *B* : home *V*, sllr mal *B* : sobī mal *V* **25.** sabera *B* : sodere *V* **26-27.** Que vola dam andara *B* : q̄ uolo domādare *V*, p̄ my poys d̄l Eu moirer *B* : p̄ my pois eu morrer *V*.

1. passar *Braga, Nunes* **2.** assy *Braga, Nunes*; pass' e *Braga, Nunes* **3.** comaqui *Monaci* **4.** e levo, em o inferno ey de morar *Braga*; e lev', eno ifern(o) ey de morar *Nunes*; moirar *Machado* **5.** por vós, senhora, já nom per outra rem *Braga*; senhora *Machado* **6.** ca por vós perco deus, e fiz esse sen *Braga*; sis' e *Nunes* **7.** quando *Nunes*; catar. (A tam ...) *Braga* **8.** A tam muyt' aposto que nom ousar *Braga*; A tan muyt apost o que nom harar *Machado* **9.** coi sir *Monaci*; ora me trabalhey de os couſir *Braga* **10.** amerey *Monaci*; e amarei log' enton a rir *Braga*; E dometey log enton a rir *Machado* **12.** como *Monaci*; com(o) homen *Nunes*; amor *Braga* **13.** ay fremosa, mha senhor *Braga* **14.** como *Monaci*; pode s' endurar *Braga*; com(o) esto podess' endurar *Nunes* **15.** inferno *Braga* **16.** coyta *Monaci* **17.** entendí *Braga*; vedes quant(o) entend' y *Nunes*; entandy *Machado* **18.** e quanto d' aquesto muy bem sey *Braga*; e quanto [é] d' aquesto muy ben sey *Nunes*; E quanto, c o quanto muy ben sey *Machado* **19.** que alá non poderi(a) aver tal *Nunes* **20.** coyta qual sofro tam descommunal *Braga*; Coyta qual sofro tam descomuna[I] *Machado* **21.** e que nunca por vós o coydey *Braga*; E sufri. E nunca por uos acoirey *Machado* **22.** Ca vedes, mha senhor, porque no[n] l(o) ey *Nunes* **23.** porque soedes o vosso corpo a tal *Braga*; porque fez Deus vosso corpo atal *Nunes*; Porque sei Deus con uosso corpo atal *Machado* **24.** em que nunca pode home sobir mal *Braga*; en que nunca pod(e) home veer mal *Nunes* **25.** nem poder em mays, eu gram pavor ey *Braga*; Nen sabera mais. En gram pauor ey *Machado* **26.** quem vol-o domandare por my *Braga*; damandara *Machado* **27.** pois eu morrer, lume d' estes meus olhos, e *Braga*; poys Eu moirer, lume destes meus (olhos) *Machado* **28.** que sempre mays que my amey *Braga*.

Rúbricas. En *B*, *Dom esteuon perez Eroyā*, en letra de Colocci. No *Cancioneiro da Vaticana*, o humanista anotou *Don Steuan perez iroyām*.

Cantiga de amor, de mestria, articulada en catro cobras singulares de sete versos decasílabos de rima masculina. Rima a dobla. Rimas derivadas, *pasar, passei* (I, vv. 1-2). Cobras *capcaudadas* (I-II, III-IV), cobras *capfinidas* (III-IV). O esquema métrico, o 161: 25 do *Repertorio metrico* de Tavani (1967: 202), é o seguinte:

10	10	10	10	10	10	10
a	b	b	a	c	c	a

	I	II	III	IV
a	-ar	-ar	-ei	-ei
b	-ei	-ir	-i	-al
c	-en	-or	-al	-eus ³⁸

Notas

V. 1. Para *senhor* e os seus rexistros e valores, así como para o emprego do termo en función de apóstrofe na lírica profana galego-portuguesa, véxase Michaëlis (1904, I, “Glossário”: 84-85), Nunes (1973, III: 685), Magne (1944: 365), Lapa (1995: 378), Lorenzo (1977: 1184-1186), D’ Heur (1975: 267-302, 308-325), Pichel (1987: 33-35, 52-56), Brea (1990), Corral (1996: 92-119, 227-238). Para os destinatarios da *cantiga de amor*, consúltese D’ Heur (1975: 303) e Beltrán (1995: 126). Para *passar*, aquí co sentido de ‘atravesar’, ‘transcorrer’, ‘pasar’, véxase Michaëlis (1904, I, “Glossário”: 64), Magne (1944: 296), Lorenzo (1977: 978-980), Mettmann (1981, II: 651-652). Para outras acepcións do verbo, véxase Lapa (1995: 355). Repárese na alternancia gráfica *s/ss* que se ofrece, neste verso e no seguinte, para a fricativa alveolar xorda. Para os usos de ambos os grafemas e os seus valores ao longo da Idade Media, véxase Lorenzo (1985: 94-95, 132-134; 1987: 475), Maia (1986: 459-461, 464-468), Ferreiro (1995: 178, 181-185).

V. 4. De acordo con Nunes, que marca a necesidade de omitir a vocal átona do substantivo para manter a medida decasílábica do verso, *e lev'*, *eno ifern(o) ey de morar*, consideramos a existencia dunha sinalefa no encontro de átona (*iferno*) más tónica (*ei*). Esta solución alterna nos manuscritos que enviaron a lírica profana galego-portuguesa coa opción que a crítica considerou como máis frecuente na

³⁸ Comparten este mesmo modelo rimático, constituído por sete versos con tres rimas que se articulan nunha fonte tetrástica con díadas rimas cruzadas (abba) e nunha coda composta por un dístico monorrímo con rima nova (cc) e por un verso conclusivo que retoma unha das rimas da fronte (a). 274 textos da lírica profana galego-portuguesa (véxase Tavani 1991: 84; as cantigas eran 296 no Repertorio métrico; véxase 1967: 199-238). Na lírica provenzal presentan este esquema catro cansos de Arnaut de Maruelh, Aimeric de Belenoi, Peire Bremon lo Tort e Aimeric de Peguilhan; díadas coblas da autoría de Pons Santolh e Sordel; un sirventes de Genin d' Eurre; unha canso relixiosa de Cerveri de Girona e unha tensó de Bernart de Ventadorn; na lírica de oíl documéntase nun jeu-parti de Gilles le Vinier, nunha canción de Tresorier de Lille e noutra de Thibaut de Champagne. Para este esquema, véxase tamén Frank (1966, I: 105, esquema 548) e Mölk / Wolfzettel (1972: 648, esquema 1409). Este esquema métrico é o máis frecuente no cancionero de don Afonso Sanchez, o único trovador, á marxe de Perez Froian, que introduce o motivo do inferno na cantiga de amor. O bastardo de don Denis cultívao nas pezas 5, 6, 9, 11 e 12 do seu cancionero, en que emprega, tamén, o decasílabo, verso trobadoreco por excelencia (Tavani 1967: 292-295; 1991: 85). Salvo as cantigas 9 e 11, que combinan as rimas longas ou agudas coas breves ou femininas, as demais pezas do señor de Alburquerque –5, 6, 7 e 12– ofrecen, como o texto de Perez Froian, rimas agudas.

poesía dos trobadores para este encontro vocálico, isto é, a elisión da primeira das dúas vocais en contacto (Cunha 1961: 33; Arbor Aldea 2008). Baixo a forma *eno* reúnense a preposición *en* (< ÍN) e a forma *lo* do artigo determinado, verificándose no encontro a asimilación progresiva da lateral inicial do determinante, facilitada pola súa desaparición noutros contextos, á nasal da preposición: **en lo>enno>eno*. Posteriormente, a vocal palatal átona perderíase por aférese: *eno>no*. Para esta forma e para a problemática gráfica e fonética que suscita, véxase Nunes (1960: 255-256), Huber (1986: 143), Williams (1975: 146), Maia (1986: 649-650), Lorenzo (1987: 482) e Ferreiro (1995: 49, 250, 252, 364). A voz *inferno* (e a súa variante, *iferno*, que se documenta tanto neste coma noutros textos da Idade Media) non aparece recollida nos glosarios de Michaëlis, Nunes e Lapa, pero si en Lorenzo (1977: 729) e Mettmann (1981, II: 589, s.v. *iferno*, 590, s.v. *inferno*). *Inferno* (ou a súa variante) é, en concreto, palabra empregada abundantemente na poesía mariana de Alfonso X; na poesía profana é menos frecuente: o termo recóllese unicamente na *cantiga de escarnio* de don Denis *Mui melhor ca m' eu governo* (25,49), na *cantiga de amor* de don Afonso Sanchez *Estes que m' ora tolhen mia senhor* (9,6) e no texto que comentamos –na cantiga satírica de Airas Perez Vuitoron *Pois que Don Gómez cura querria* (16,14) o vocábulo é froito dunha reconstrución crítica de Rodrigues Lapa. Para un comentario detido a esta pasaxe do texto, véxase Castellucci 2001: 164-165–. En todos os casos o *inferno* é, tal como viña vehiculado na tradición medieval, lugar de sufrimento, servindo no texto de Perez Froian para ponderar a *coita* de amor do trobador, más grande cás coitas que se sofrén nese lugar de dor e de castigo (véxanse os versos 15-21 da cantiga). Tamén o *inferno* é lugar de condena e de castigo para don Afonso Sanchez, pero é lugar que se redime, como na baixada triunfal de Xesús aos infernos, pola presenza da *senhor*. Para unha definición teolóxica do *inferno*, véxase Torres Queiruga (1995); para a “historia” do *inferno* e para as súas construcións e representacións medievais, consúltense, entre outros, Minois (1994).

V. 5. Aínda que na lingua medieval existía a forma analólica *senhora*, de uso esporádico, que é a que se documenta nos dous manuscritos que transmitiron o texto de Perez Froian, a medida decasilábica da cantiga obríganos a emendar a lección manuscrita, introducindo no verso a forma más común entre os trobadores, *senhor*. Para *senhor*, véxanse os comentarios e a bibliografía citada na nota ao verso 1 desta cantiga; para *senhora*, consúltense, ademais, Michaëlis (1904, I, “Glossário”: 85), Lapa (1995: 378), Pichel (1987: 31) e Rodríguez (1993).

V. 6. *Perço* é a forma de primeira persoa do presente de indicativo de *perder*, ‘quedar privado de algo’, ‘perder’, derivada a partir da solución analítica *PERDEO (Michaëlis 1904, I, “Glossário”: 66; Nunes 1960: 328; 1973, III: 659; Magne 1944: 302; Lapa 1995: 359; Williams 1994: 91, 233; Lorenzo 1977: 995-996). A expresión

perder o sén, ‘perder o xuízo’, ‘quedar privado de razón’, ‘tolear’, frecuentísima nos cancioneiros, retoma a fórmula provenzal *perdre l sen*, alternante con *enfolezir*, *enfolir* para describir o estado de loucura amorosa, de *folia*, do trovador. Para esta manifestación da *coita* de amor nas cantigas galego-portuguesas, véxase D’ Heur (1975: 485-486, 551, n. 6), Pichel (1987: 97), Tavani (1991: 125) e Beltrán (1995: 48, 66); para a expresión da loucura de amor nos trovadores do occidente peninsular e para o seu paralelismo cos occitanos, consúltese Mussons (1991). En canto á expresión *perder o sissos*, aparece documentada unicamente na cantiga de Pero Velho de Taveirós *Vi eu donas encelado* (135,3). Obsérvese o emprego que no verso fai Perez Froian da forma patrimonial *sissos*, ‘xuízo’, ‘ponderación’, e da forma provenzal *sén*, que aparecen coordinadas (acumulación sinonímica ponderativa). Como sinala E. Gonçalves, a perda que o trovador experimenta como consecuencia do seu proceso de namoramento é superlativa, pois perde a Deus, perde o seu equilibrio psíquico e, por fin, perde tamén a razón (cfr. Gonçalves 1993a). Para *sissos*, véxase Michaëlis (1904, I, “Glossário”: 86), Nunes (1971: 547), Magne (1944: 372), Lapa (1995: 379), Lorenzo (1977: 1203) ou Mettmann (1981, II: 716); para *sén*, consúltese Michaëlis (1904, I, “Glossário”: 84), Nunes (1971: 546; 1973, III: 684), Magne (1944: 363), Lapa (1995: 377), Lorenzo (1977: 1181) ou García-Sabell (1991: 308-312).

V. 7. *Catar* significa ‘ver’, ‘mirar’, ‘contemplar’ (Michaëlis 1904, I, “Glossário”: 17; Nunes 1973, III: 594; Magne 1944: 122; Lapa 1995: 305; D’ Heur 1975: 450-451; Lorenzo 1977: 294-295; Mettmann 1981, II: 481-482), podendo referirse tanto á acción de mirar como ao fermoso ollar da dama. Tamén don Afonso Sanchez emprega o termo na súa cantiga *Estes que m’ora tolhen mia senhor*, xa referida, ainda que o tratamento que del fai no seu texto é diferente, pois, se na lírica galego-portuguesa *catar a senhor* ou o seu *catar tremoso* provocaba o namoramento do trovador –como é o caso de Perez Froian, que aquí nos ocupa–, coa conseguinte *coita*, na cantiga do bastardo de don Denis o *catar* a dama é, pola contra, motivo de satisfacción para quen exerce tal acción (véxase, para un comentario pormenorizado desta cantiga, Arbor Aldea 2001: 169-180). Repárese na construcción pleonástica, e por iso mesmo intensificadora, *catar dos olhos*. Para o motivo dos ollos e o seu tratamiento na poesía amorosa galego-portuguesa, véxase Souto Cabo (1988).

V. 8. *Aposto* significa, como adverbio, ‘de maneira airosa, conveniente’, ‘fermoso’, ‘lindamente’ (véxase Michaëlis 1904, I, “Glossário”: 7; Nunes 1931: 537; Magne 1944: 74-75; Lapa 1995: 294; Mettmann 1981, II: 450; Gonçalves 2004: 531). É vocábulo pouco frecuente na lírica galego-portuguesa, empregándose en cantigas, con excepción da do portugués Estevan da Guarda *Pois teu preit’ anda juntando* (30,29), que se adscriben, con toda a probabilidade, ás cortes castelás de Alfonso X e Sancho IV. Nelas producirían, talvez, Airas Moniz d’ Asme (Oliveira 1994: 316-317;

pero véxase agora Miranda 2004, que anticipa a produción do trobador, computánda entre as primeiras experiencias líricas), autor dos textos *Mia senhor; vin-vus rogar* (13,1) e *Pois mi non val d'eu muit' amar* (13,2); Garcia Perez (Oliveira 1994: 349), a quen se lle atribúe a peza *Úa pregunt' ar quer' a el-Rei fazer* (54,1); o propio Alfonso X, autor de *Don Gonçalo, pois queredes ir daqui pera Sevilla* (18,14); Pai Gomez Charinho, que na súa cantiga *Sennor fremosa, por Nostro Sennor* (114,21) refire *aposto* ao falar da dama; Men Rodriguez Tenoiro (Oliveira 1994: 390-391), a quen se lle atribúe *Senhor fremosa, creede per mi* (101,12); quizais Martin Perez Alvin, que pasou pola corte castelá de don Sancho (Oliveira 1994: 385-386) e que é autor de *Senhor fremosa, que de coraçon* (96,5), e o propio Estevan Perez Froian. Tenoiro, Alvin e Froian aluden, os tres, nas súas pezas ao “aposto” ou ao “muyt’ aposto” “catar” da dama.

V. 9. *Cousir* ten na Idade Media valores diversos, entre eles ‘ver distinguindo’, ‘escoller valorando convenientemente’, ‘reprender’, ‘censurar’ ou ‘aconsellar’, que parecen ser as acepcións que mellor lle acaen ao verso (Michaëlis 1904, I, “Glossário”: 22; Nunes 1973, III: 602; Lapa 1995: 312; Mettmann 1981, II: 506; García-Sabell Tormo 1991: 103-104, e, para unha análise do conxunto de cantigas que presentan esta familia léxica, Brea 2005). Parece, pois, que o trobador censura, reprende, “evita” os ollos da dama, causa do seu pesar.

V. 10. Aínda que ambos os códices coinciden na lección *rir*, con redución do hiato de vocais homorgánicas (RÍDÉRE>*riir*>*rir*), e aínda que esta solución non é descoñecida na lírica trobadoresca (Maia 1986: 325-327; Ferreiro 1995: 79-80), o patrón métrico da cantiga, que responde ao do verso decasílabo, esixe unha pronuncia bisilábica do infinitivo. Máis ca ante unha verdadeira crase vocálica poderemos estar, por tanto, ante un erro de copista por omisión (Blecua 1983: 21-23).

V. 11. Para a construción *filhar-se a + infinitivo*, ‘pórse a’, ‘comezar a’, véxase Michaëlis (1904, I, “Glossário”: 39), Nunes (1973, III: 622), Magne (1944: 209-210), Lapa (1995: 330), Lorenzo (1977: 648), Mettmann (1981, II: 572).

V. 12. En Nunes *com(o) homen*. Debemos, en efecto, practicar unha sinalefa nese encontro vocálico para manter a medida decasílabica do verso. Para esta solución e para a práctica trobadoresca, véxanse os comentarios ao verso 4. Para os resultados do substantivo latino HOMÍNE(M), que presenta unha evolución problemática, cos resultados *homen-home*, ofrecéronse dúas posibles explicacións, que contemplan a caída da vocal postónica e a posterior asimilación e redución das consoantes en contacto (HOMÍNE(M)>*hom'ne*>*homme*>*home*) ou a conservación da vocal postónica e a síncope da nasal *n* intervocálica (HOMÍNE(M)>*homēe*>*homē*). Unha exposición

das distintas teorías pódese ver en Maia (1986: 636-640). Para a palabra obxecto de comentario, consúltense, ademais, Nunes (1960: 110, 112-113, 133), Huber (1986: 85, 90, 139), Williams (1994: 81, 130), Lorenzo (1977: 929-931), Ferreiro (1995: 133) e Mariño Paz (2002: 88-90).

V. 13. O motivo da beleza da dama constitúe un dos tópicos por excelencia da *cantiga de amor*, xa que esa beleza constitúe unha característica esencial da *senhor*, que a distingue e que a opón ao resto das donas. Resaltada con frecuencia mediante o superlativo, o adverbio intensificador ou a hipérbole, a fórmula máis elemental empregada para describir a beleza física da dama é o epíteto *fremosa*, con trinta e seis ocorrencias en vinte e tres textos de xénero diverso. Este cualificativo pode aparecer integrado, coma neste caso, nunha serie complexa, en que ten cabida un determinante, tamén entre os más frecuentes, *mia*. Para este vocáculo e os seus valores, véxase Michaëlis (1904, I, “Glossário”: 41), Nunes (1973, III: 624), Lapa (1995: 48), D’ Heur (1975: 447-449), Lorenzo (1977: 663-664), Pichel (1987: 42-46) e Corral (1996: 116, n. 370, 286-287). Para o campo sémico da *gabanza da dama* na *cantiga de amor*, véxase D’ Heur (1975: 439-469), Pichel (1987: 42-48), Tavani (1991: 109-114), Beltrán (1995: 25-38) e Corral (1996: 285-286).

V. 14. De acordo con Nunes, *com(o) esto podess' endurar*, consideramos a existencia dunha sinalefa no encontro vocalico de átona (*como*) mais tónica (*esto*) para manter a medida do verso, así un decasilabo, de acordo co patrón compositivo da cantiga. Para esta solución, véxanse os comentarios ao verso 4 desta composición. Para *endurar*, ‘atarar’, ‘sofrir’, ‘soportar’, forma de escaso uso, reducido, ademais, e con excepcións puntuais, a autores galegos e castelán-leoneses, véxase Michaëlis (1904, I, “Glossário”: 34), Nunes (1973, III: 614), Magne (1944: 184), Lorenzo (1977: 535), Mettmann (1981, II: 545) e Brea (2005).

V. 16. A conservación da lección do verso tal como a transmitiron os apógrafo italiani obriga a postular, para manter a medida versal decasilábica, a existencia dunha sinalefa no encontro *fremosa e*, solución que é común na práctica trobadoresca (véxase a bibliografía citada na nota ao verso 4).

V. 17. Como sinala Nunes, debe considerarse a existencia dunha sinalefa no encontro de átona (*quanto*) + átona (*entend[o]*), sinalefa que permite conservar a medida decasilábica do verso. Concordamos, igualmente, co filólogo portugués na interpretación da lección *entendy*, transmitida por ambos os códices, como resultado do contacto da forma de presente de *entender* (*entendo*, con elisión da súa vocal átona final) co adverbio pronominal *i* (“entendo niso”, “entendo ao

respecto'). Anteposto ou posposto ao verbo, os contidos semánticos vehiculados por este adverbio pronominal xiran arredor do valor locativo que tiña a forma latina *ibī*(ou *hīc*, voz que tamén se propón como étimos e que, polo menos, debeu influír na evolución do adverbio, segundo algúns autores), ‘alí’, ‘aquí’, sendo o seu sentido básico como pronome ‘niso’, ‘nel’, ‘nela’. Para este adverbio pronominal, véxase Michaëlis (1904, I, “Glossário”: 26, 44), Nunes (1973, III: 607, 630-631), Magne (1944: 163-164, 225), Lapa (1995: 317, 334) e Lorenzo (1977: 1332-1334); para a súa orixe, posición e valores, consúltese Brea (1988: 186-188).

V. 18. A crítica precedente ofreceu distintas propostas de lectura para este verso, deturpado na lección manuscrita dos apógrafos italianos –e, seguramente, tamén no seu modelo– a causa dun erro de copista por repetición: *e quanto d' questo muy bem sey* en Braga, con hipometría; *e quanto [é] d' questo muy ben sey* en Nunes; *E quanto, c o quanto muy ben sey* nos Machado, propostas as dúas últimas insuficientes desde o punto de vista da semántica da cantiga. A corrección do verso que proponemos, e que coincide en boa medida coa de Braga, pode xustificarse parcialmente desde un punto de vista paleográfico á vista da lección transmitida polo códice da Vaticana. A conservación da medida decasilábica do verso esixe, aínda, unha integración; a forma pronominal de primeira persoa, que entra dentro dos elementos que con frecuencia se perden no proceso de copia (Blecua 1983: 22), adecúase ben á semántica do verso.

V. 19. De novo, debemos considerar a existencia dunha sinalefa, tal e como sinala Nunes, *que alá non poderi(a) aver*, para conservar a medida decasilábica do verso (véxase a bibliografía citada na nota ao verso 4 desta cantiga).

V. 20. Tanto Braga, *coyta qual sofro tam descommunal*, como os Machado, *Coyta qual sofro tam descomunal[l]*, conservaron a lección manuscrita *sofro* na súa edición do verso. De acordo con Nunes, *coyta qual sofri, tan descomunal*, e atendendo tanto á lección do verso seguinte como ás coordinacións poliptóticas de presente e pasado (*pas'* e *passei*, *levei* e *lev[o]l*) que se observan na cantiga, corriximos a forma manuscrita en *sofri*. Para *descomunal*, ‘extraordinario’, ‘anormal’, ‘inxusto’, ‘inmerecido’, véxase Michaëlis (1904, I, “Glossário”: 26), Nunes (1971: 539), Lapa (1995: 317), Lorenzo (1977: 453) e Mettmann (1981, II: 524-525).

V. 21. Para *acorro*, ‘socorro’, ‘auxilio’, ‘amparo’, ‘refuxio’, véxase Nunes (1971: 537), Magne (1944: 35), Lorenzo (1977: 28), Mettmann (1981, II: 432). Rexistramos esta voz no *corpus* lírico profano galego-portugués únicamente neste texto (cfr. <http://www.cirp.es/bdo/med/meddb.html>).

V. 22. En Nunes, *Ca vedes, mha senhor, porque no[n] l(o) ey*. Coidamos, porén, que a lección manuscrita ten sentido pleno ao establecer unha contraposición (que desaparece na edición de Nunes) con canto se sinala no verso precedente. O trobador constata, en efecto, na estrofa anterior que sofre gran coita e que, en tan desgraciada situación, nunca recibe auxilio da súa señora; na parte inicial da cobra que abre o verso que comentamos, o desgraciado amante confésalle á súa amada que, en realidade, o ampara o fermoso corpo da muller, no que ninguén pode, nin poderá nunca, percibir, experimentar, coñecer mal (para estes usos de *saber*, véxase Nunes 1971, III: 676; Lapa 1995: 373-374; Lorenzo 1977: 1145-1147). Para manter a medida decasílábica do verso debe efectuarse unha sinalefa no encontro de átona + tónica en *vo-lo ei* (véxase a bibliografía citada na nota 4).

V. 23. As propostas de lectura que para este verso, deturpado nos códices, ofreceron Braga, *porque soedes o vosso corpo a tal*, e os Machado, *Porque sei Deus con uosso corpo atal*, carecen de sentido; a emenda de Nunes, *porque fez Deus vosso corpo atal*, adecúase parcialmente á lección manuscrita e ao tópico trobadorescos da dama como obra excelsa de Deus, símbolo da excelencia da propia divindade (D' Heur 1975: 460-462; Rodríguez 1980: 91-92). Na nosa emenda seguimos a lección do Colocci-Brancuti, considerando a existencia nesta dunha confusión entre *f* e *fez*, frecuente nos cancioneiros, dunha deficiente identificación do grafema final do vocáculo (*sei>fez*) e a escrita errada de *9* por *o* (*9uoſſo > o voſſo*). De novo, é necesario considerar a existencia dunha sinalefa no encontro de átona + átona (*corpo atal*) para manter a medida do verso conforme ao patrón decasílábico da cantiga (véxase comentario ao verso 4).

V. 24. A lectura de Braga, *em que nunca pode home sobir mal*, conserva a forma deturpada do códice da Vaticana; a emenda de Nunes, *en que nunca pod(e) home veer mal*, rompe o xogo poliptótico introducido polo trobador ao longo da cantiga. De acordo cos Machado, e á luz da lección dos códices, especialmente da transmitida por V, optamos por unha lectura *saber (mal)*, que se adecúa á presente no verso seguinte, respectando o sistema de correlacións que o autor emprega no texto (*pas'* e *passei, levei e lev[o]*,). Aos valores que o verbo presenta nesta pasaxe da cantiga xa nos referimos antes (véxase o comentario ao v. 22 e a bibliografía alí citada). Canto á medida do verso, debe considerarse a existencia dunha sinalefa no encontro de átona + tónica (*pode omen*), como sinalou Nunes, *en que nunca pod(e) home veer mal*, para manter a medida decasílábica que moldea a cantiga (véxase comentario ao verso 4).

V. 26. *Demandar*, ‘pedir’, ‘esixir’, ‘reclamar’, ‘formular unha demanda xudicial’, procede da voz latina **DEMANDĀRE**, forma que xa no latín popular adquirira o

significado de ‘pedir en virtude dun dereito’, acepción que se conservou en todas as lingüas románicas. Para estas formas e para os seus valores, véxase Michaëlis (1904, I, “Glossário”: 25-26), Nunes (1973, III: 606), Magne (1944: 160), Lapa (1995: 316), Lorenzo (1977: 431-432) ou Pichel (1987: 91).

V. 27. Consideramos, con Nunes, necesaria a integración para alcanzar a medida decasilábica que moldea a cantiga. O señor de Froian pecha o seu texto cunha intensísima hipérbole, que condensa a manifestación do amor do poeta (Tavani 1991: 114-117), e cunha fermosísima metáfora, *lume destes meus olhos*, luz dos seus ollos, que refire o ser amado como transposición da divindade, concibida como luz. Para esta fórmula, realzada no texto polo abrupto encabalgamento que separa o substantivo do seu determinante, que “pode simplificarse como ‘lume de min’ e, polo tanto, ‘meu lume’”, e que “representa o ser amado [...] como unha luz que ilumina os ollos do amante e que, seguindo, unha fenomenoloxía que arranca da literatura clásica, acaba por asentarse no corazón”, véxase Pérez Barcala (2004).

Referencias bibliográficas

- A (1994): *Fragmento do Nobiliário do Conde Dom Pedro. Cancioneiro da Ajuda. Edição fac-similada do código existente na Biblioteca da Ajuda* (Lisboa: Edições Távola Redonda, Instituto Português do Património Arquitectónico e Arqueológico, Biblioteca da Ajuda).
- B (1982): *Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancuti)*. Cód. 10991 (Lisboa: Biblioteca Nacional / Imprensa Nacional-Casa da Moeda).
- V (1973): *Cancioneiro Português da Biblioteca Vaticana* (Cód. 4803) (Lisboa: Centro de Estudos Filológicos-Instituto de Alta Cultura).
- Arbor Aldea, M. (2001): *O cancioneiro de don Afonso Sanchez*. Edición e estudio (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Arbor Aldea, M. (2005): “Os estudos sobre o *Cancioneiro da Ajuda*: un estado da cuestión”, en VV.AA.: *Carolina Michaëlis e o Cancioneiro da Ajuda, hoxe*: 45-120 (Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades-Xunta de Galicia).
- Arbor Aldea, M. (2008): “Metro, lírica profana e práctica ecdótica: consideracións á luz do *Cancioneiro da Ajuda*”, en VV.AA.: *A edición da Poesía Trovadoresca en Galiza*: 9-38 (A Coruña, Baía Edicións).

Askins, A. L.-F. (1991): “The *Cancioneiro da Bancroft Library* (previously, the *Cancioneiro de um Grande d' Hespanha*): a copy, ca. 1600, of the *Cancioneiro da Vaticana*”, en VV.AA.: *Actas do Congresso da Associação Hispânica de Literatura Medieval*: vol. I, 43-47 (Lisboa: Edições Cosmos).

Askins, A. L.-F. (1993): s.v. “Cancioneiro da Bancroft Library”, *DLMGP*: 118-119.

Ballesteros Beretta, A. (1984): *Alfonso X el Sabio*, con índices de M. Rodríguez Llopis (Barcelona: Ediciones El Albir).

Beltrán, V. (1995): *A cantiga de amor* (Vigo: Xerais).

Beltrán, V. (1996): “Tipos y temas trovadorescos. XI. La corte poética de Sancho IV”, en Alvar, C. / Lucía Megías, J. M. (eds.) (1996): *La literatura en la época de Sancho IV (Actas del Congreso Internacional “La literatura en la época de Sancho IV”, Alcalá de Henares, 21-24 de febrero de 1994)*: 121-140 (Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá).

Benavides, A. (1860): *Memorias de D. Fernando IV de Castilla* (Madrid: Imprenta de José Rodríguez), 2 vols.

Blecua, A. (1983): *Manual de crítica textual* (Madrid: Castalia).

Braga, T. (1878): *Cancioneiro Portuguez da Vaticana. Edição critica restituída sobre o texto diplomático de Halle, acompanhada de um glossario e de uma introducção sobre os trovadores e cancioneiros portuguezes* (Lisboa: Imprensa Nacional).

Brea, M. (1988): “Anotacións sobre o uso dos adverbios pronominais en galego-portugués”, en VV.AA.: *Homenagem a Joseph M. Piel*: 181-190 (Tübingen: Max Niemeyer Verlag).

Brea, M. (1990): “Dona e senhor nas cantigas de amor”, *Estudios Románicos, volumen 4º, Homenaje al profesor Luis Rubio*. Vol. I: 149-170 (Murcia: Universidad de Murcia).

Brea, M. (coord.) (1996): *Lírica profana galego-portuguesa. Corpus completo das cantigas medievais, con estudio biográfico, análise retórica e bibliografía específica* . 2 vols. (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia-Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro):

Brea, M. (2005): “*Cousir* en la lírica gallego-portuguesa”, en Alemany, R. / Martos, J. L. / Manzanaro, J. M. (eds.) (2005): *Actes del X Congrés Internacional de l'Associació Hispànica de Literatura Medieval*. Vol. I: 425-439 (Alacant: Institut Interuniversitari de Filología Valenciana).

- Brea, M. (2005): “*Que gran coita d’ endurar.* Anotacións sobre o uso lírico de *endurar*”, en Boullón Agrelo, A. I. / Couceiro Pérez, X. L. / Fernández Rei, F. (eds.) (2005): *As tebras alumeadas. Estudos filolóxicos en homenaxe a Ramón Lorenzo:* 527-539 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Cal Pardo, E. (1990): *Catálogo de los documentos medievales, escritos en pergamino, del archivo de la catedral de Mondoñedo (871-1492)* (Lugo: Deputación Provincial de Lugo).
- Cal Pardo, E. (1999): *Colección diplomática medieval do arquivo da Catedral de Mondoñedo. Transcripción íntegra dos documentos* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).
- Calderón Calderón, M. (1996): “Las cantigas de amigo de Pero Gonçalvez de Portocarreiro”, en Alvar, C. / Lucía Megías, J. M. (eds.) (1996): *La literatura en la época de Sancho IV (Actas del Congreso Internacional “La literatura en la época de Sancho IV”, Alcalá de Henares, 21-24 de febrero de 1994):* 323-342 (Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá).
- Casado Lobato, M. C. (1983): *Colección diplomática del monasterio de Carrizo.* 2 vols. (León: Centro de Estudios e Investigación San Isidoro (CSIC) / Caja de Ahorros y Monte de Piedad / Archivo Histórico Diocesano).
- Castellucci, A. (2001): “A tradición manuscrita de Airas Peres Vuytoron”, en Botta, P. / Parrilla, C. / Pérez Pascual, I. (eds.) (2001): *Canzonieri iberici.* Vol. I: 163-167 (Padova / A Coruña: Università di Padova / Editorial Toxosoutos / Universidade da Coruña).
- Castro Toledo, J. (1981): *Fuentes documentales para la historia de Valladolid. I. Colección diplomática de Tordesillas (909-1474)* (Valladolid: Diputación Provincial de Valladolid).
- Corral Díaz, E. (1996): *As mulleres nas cantigas medievais* (Sada / A Coruña: Ediciós do Castro).
- Cunha, C. Ferreira da (1961): *Estudos de Poética Trovadoresca. Versificação eecdótica* (Rio de Janeiro: Ministério da Educação e Cultura, Instituto Nacional do Livro).
- D'Heur, J. M. (1973): “Nomenclature des troubadours galiciens-portugais (XII^e-XIV^e siècles). Table de concordance de leurs chansonniers, et liste des *incipit* de leurs compositions”, *Arquivos do Centro Cultural Português*, 7: 17-100.
- D'Heur, J. M. (1974): “Sur la tradition manuscrite des chansonniers galiciens-portugais. Contribution à la *Bibliographie Générale* et au *Corpus des troubadours*”, *Arquivos do Centro Cultural Português*, 8: 3-43.

- D'Heur, J. M. (1975): *Recherches internes sur la lyrique amoureuse des troubadours galiciens-portugais (XII^e-XIV^e siècles). Contribution à l'étude du "corpus des troubadours"* (s. l.).
- D'Heur, J. M. (1984): “Sur la généalogie des chansonniers portugais d’Ange Colocci”, *Boletim de Filologia. Homenagem a Manuel Rodrigues Lapa*, 29/II: 23-34.
- Donati, C. (1979): “Pero Goterres, cavaliere e trovatore”, *Romanica Vulgaria Quaderni*, 1: 67-92.
- Ferrari, A. (1979): “Formazione e struttura del Canzoniere Portoghese della Biblioteca Nazionale di Lisbona (Cod. 10991: Colocci-Brancuti). Premesse codicologiche alla critica del testo (Materiali e note problematiche)”, *Arquivos do Centro Cultural Português*, 14: 27-142.
- Ferrari, A. (1991): “Le chansonnier et son double”, en Tyssens, M. (1991): *Lyrique Romane Médiévale: la tradition des chansonniers. Actes du Colloque de Liège, 1989*: 303-327 (Liège: Université de Liège).
- Ferrari, A. (1993a): s.v. “Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancuti)”, *DLMGP*: 119-123.
- Ferrari, A. (1993b): s.v. “Cancioneiro da Biblioteca Vaticana”, *DLMGP*: 123-126.
- Ferreiro, M. (1995): *Gramática histórica galega* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Ferreiro, M. / Martínez Pereiro, C. P. / Tato Fontañña, L. (2007): *Normas de edición para a poesía trobadoresca galego-portuguesa medieval* (A Coruña: Universidade da Coruña).
- Frank, I. (1966): *Répertoire métrique de la poésie des troubadours*. 2 vols. (Paris: Librairie Honoré Champion, Éditeur).
- García-Sabell Tormo, T. (1991): *Léxico francés nos cancioneiros galego-portugueses. Revisión crítica* (Vigo: Galaxia).
- Gaibrois de Ballesteros, M. (1922, 1928): *Historia del reinado de Sancho IV de Castilla*. 3 vols. (Madrid: Tipografía de la Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos, Talleres Voluntad).
- Gonçalves, E. (1976): “La Tavola Colocciana *Autori Portughesi*”, *Arquivos do Centro Cultural Português*, 10: 387-448.
- Gonçalves, E. (1991): “Sur la lyrique galego-portugaise. Phénoménologie de la constitution des chansonniers ordonnés par genres”, en Tyssens, M. (1991):

Lyrique Romane Médiévale: la tradition des chansonniers. Actes du Colloque de Liège, 1989: 447-467 (Liège: Université de Liège).

Gonçalves, E. (1993a): s.v. “Estevan Perez Froian”, *DLMGP*: 249.

Gonçalves, E. (1993b): s.v. “Tradição manuscrita da poesia lírica”, *DLMGP*: 627-632.

Gonçalves, E. (1994): “O sistema das rubricas atributivas e explicativas nos cancioneiros trovadorescos galego-portugueses”, en Lorenzo, R. (ed.) (1994): *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas, Universidade de Santiago de Compostela, 1989*. Vol. VII: 979-990 (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa).

Gonçalves, E. (1995): “Tradição manuscrita e edição de textos: experiências ecdóticas no campo da lírica galego-portuguesa”, en VV.AA.: *Atas do I Encontro Internacional de Estudos Medievais (4, 5, e 6 Julho/95)*: 36-51 (São Paulo: USP-UNICAMP-ENESP).

Gonçalves, E. (2004): “‘Maldizer aposto’? Acerca de uma inexistente categoria genológica da sátira medieval galego-portuguesa”, *Cultura Neolatina*, 64/3-4: 527-539.

González Crespo, E. (1985): *Colección documental de Alfonso XI. Diplomas reales conservados en el Archivo Histórico Nacional. Sección de Clero. Pergaminos* (Madrid: Universidad Complutense).

González Díez, E. (1984): *Colección diplomática del Concejo de Burgos (884-1369)* (Burgos: Instituto de Estudios Castellanos).

González Mínguez, C. (1976): *Fernando IV de Castilla (1295-1312). La guerra civil y el predominio de la nobleza* (Valladolid: Universidad de Valladolid).

Huber, J. (1986) [1933]: *Gramática do Português Antigo* (Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian).

Indini, M. L. (1993a): s.v. “Estevan Faian”, *DLMGP*: 246-247.

Indini, M. L. (1993b): s.v. “Pero Gonçalvez Portocarreiro”, *DLMGP*: 545-546.

Jular Pérez-Alfaro, C. (1990): *Los adelantados y merinos mayores de León (siglos XIII-XV)* (León: Universidad de León).

Lagares, X. C. (2000): *E por esto fez este cantar. Sobre as rubricas explicativas dos cancioneiros profanos galego-portugueses* (Santiago de Compostela: Laioveneto).

- Lanciani, G. / Tavani, G. (coords.) (1993): *Diccionário da Literatura Medieval Galega e Portuguesa* (Lisboa: Caminho) (= DLMGP).
- Lapa, M. Rodrigues (1995) [1965]: *Cantigas d'escarnho e de mal dizer dos cancioneiros medievais galego-portugueses* (Vigo / Lisboa: Ir Indo Edicións / Edições João Sa da Costa).
- Lorenzo Vázquez, R. (1977): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Vol. II. Glosario (Ourense: Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijoo).
- Lorenzo Vázquez, R. (1985): *Crónica Troiana* (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa).
- Lorenzo Vázquez, R. (1987): “Algunhas consideracións sobre a História do Galego-Português de Clarinda de Azevedo Maia”, *Verba*, 13: 441-488.
- Machado, E. / Paxeco-Machado, J. P. (1949-1964): *Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Antigo Colocci-Brancuti)*. 8 vols. (Lisboa: Edição da Revista de Portugal).
- Magne, A. (1944): *A Demanda do Santo Graal*. Vol. III. Glossário (Rio de Janeiro: Instituto Nacional do Livro / Imprensa Nacional).
- Maia, C. de Azevedo (1986): *História do Galego-Português. Estado linguístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI (Com referência à situação do galego moderno)* (Coimbra: Instituto Nacional de Investigação Científica).
- Mariño Paz, R. (2002): “A desnasalización vocálica no galego medieval”, *Verba*, 29: 71-118.
- Martín Martín, J. L. (1989): *Documentación medieval de la Iglesia Catedral de Coria* (Salamanca: Ediciones Universidad de Salamanca).
- Mattoso, J. (1980): *Livro de Linhagens do Conde D. Pedro. Portugaliae Monumenta Historica. Nova Série*. Vol. II (ts. 1 e 2) (Lisboa: Academia das Ciências).
- Mattoso, J. (1981): *A nobreza medieval portuguesa. A família e o poder* (Lisboa: Editorial Estampa).
- Mettmann, W. (1981): *Alfonso X el Sabio. Cantigas de Santa María*. 2 vols. (Vigo: Xerais).
- Minois, G. (1994): *Historia de los infiernos* (Barcelona / Buenos Aires / México: Paidós).

- Miranda. J.C. Ribeiro (2004): *Aurs mesclata ab argen. Sobre a primeira geração de trovadores galego-portugueses* (Porto: Guarecer).
- Mölk, U. / Wolfzettel, F. (1972): *Répertoire métrique de la poésie lyrique française des origines à 1350* (München: Wilhelm Fink Verlag).
- Monaci, E. (1875): *Il Canzoniere Portoghese della Biblioteca Vaticana* (Halle: Max Niemeyer Editore).
- Mussons Freixas, A. M. (1991): “Locura y desmesura de la lírica provenzal a la gallego-portuguesa”, *Revista de Literatura Medieval*, 3: 163-183.
- Nunes, J. J. (1960) [1919]: *Compêndio de Gramática Histórica Portuguesa (Fonética e Morfologia)* (Lisboa: Livraria Clássica Editora).
- Nunes, J. J. (1971) [1932]: *Cantigas d'Amor dos trovadores galego-portugueses. Edição crítica acompanhada de introdução, comentário, variantes, e glossário* (New York: Kraus Reprint C.O.).
- Nunes, J. J. (1973) [1926-1928]: *Cantigas d'Amigo dos trovadores galego-portugueses. Edição crítica acompanhada de introdução, comentário, variantes, e glossário. 3 vols.* (Lisboa: Centro do Livro Brasileiro).
- Oliveira, A. Resende de (1988): “Do Cancioneiro da Ajuda ao “Livro das Cantigas” do Conde D. Pedro. Análise do acrescento à secção das cantigas de amigo de ω”, *Separata da Revista de História das Ideias*, 10: 691-751.
- Oliveira, A. Resende de (1993): s.v. “Estevan Perez Froian”, *DLMGP*: 248-249.
- Oliveira, A. Resende de (1994): *Depois do espectáculo trovadoresco. A estrutura dos cancioneiros peninsulares e as recolhas dos séculos XIII e XIV* (Lisboa: Colibri).
- Oliveira, A. Resende de (1995): *Trobadores e xograres. Contexto histórico* (Vigo: Xerais).
- Oliveira, A. Resende de (2001): *O Trovador galego-português e o seu mundo* (Lisboa: Editorial Notícias).
- Pérez Barcala, G. (2004): “‘Ay lume d’ estes olhos meus’: o lume, a *descriptio amantium* e o sufrimento amoroso na lírica galego-portuguesa”, en Dirección de Promoción Cultural-ConSELLERÍA DE CULTURA (org.): *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois. Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004: 595-626* (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo).

- Pérez-Bustamante, R. (1976): *El gobierno y la administración territorial de Castilla (1230-1474)*. 2 vols. (Madrid: Universidad Autónoma).
- Pichel, A. (1987): *Ficción poética e vocabulario feudal na lírica trovadoresca galego-portuguesa* (A Coruña: Excma. Diputación Provincial).
- Piel, J. / Mattoso, J. (1980): *Livros Velhos de Linhagens* [Livro Velho de Linhagens e Livro de Linhagens do Deão]. *Portugaliae Monumenta Historica. Nova Série*. Vol. I. (Lisboa: Academia das Ciências).
- Ramos, M. A. (1994): “O Cancioneiro da Ajuda. História do manuscrito, descrição e problemas”, en A (1994): *Fragmento do Nobiliário do Conde Dom Pedro. Cancioneiro da Ajuda. Edição fac-similada do códice existente na Biblioteca da Ajuda: 27-47* (Lisboa: Edições Távola Redonda, Instituto Português do Património Arquitectónico e Arqueológico, Biblioteca da Ajuda).
- Ramos, M. A. / Oliveira, A. Resende de (1993): s.v. “Cancioneiro da Ajuda”, *DLMGP*: 115-118.
- Rodríguez, J. L. (1980): *El cancionero de Joan Airas de Santiago*. Anexo 12 de *Verba* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Rodríguez, J. L. (1993): “Amulher nos cancioneiros. Notas para um anti-retrato descortês”, en Marco, A. (1993): *Simpósio Internacional Muller e Cultura* (Compostela, 27-29 de febreiro de 1992): 43-67 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Rodríguez Molina, J. (coord.) (1990): *Colección documental del Archivo Municipal de Úbeda. I. Siglo XIII* (Granada: Universidad de Granada / Ayuntamiento de Úbeda).
- Rosell, C. (1953): *Crónicas de los Reyes de Castilla desde don Alfonso el Sabio hasta los Católicos don Fernando y doña Isabel*. Vol. I. (Madrid: Ediciones Atlas).
- Sousa, A. Caetano de (1946): *Provas da História Genealógica da Casa Real Portuguesa*. Vol. I. (Coimbra: Atlântida Livraria Editora).
- Stegagno Picchio, L. (1968): *Martin Moya. Le poesie* (Roma: Edizioni dell’Ateneo).
- Souto Cabo, J. A. (1988): “Aproximaçom ao motivo dos olhos nas cantigas de amor e de amigo”, *Agália*, 16: 401-420.
- Tavani, G. (1967): *Repertorio metrico della lirica galego-portoghese* (Roma: Edizione dell’Ateneo).

- Tavani, G. (1969): *Poesia del Duecento nella Penisola Iberica. Problemi della lirica galego-portoghese* (Roma: Edizioni dell'Ateneo).
- Tavani, G. (1988): *Ensaios portugueses. Filologia e Linguística* (Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda).
- Tavani, G. (1991): *A poesía lírica galego-portuguesa* (Vigo: Galaxia).
- Tavani, G. (1993): s.v. “Pero Goterres, cavaleiro”, *DLMGP*: 546-547.
- Tavani, G. (1999): “Ancora sulla tradizione manoscritta della lirica galego-portoghese (quarta e ultima puntata)”, *Rassegna Iberistica*, 65: 3-12.
- Tavani, G. (2002a): *Tra Galizia e Provenza. Saggi sulla poesia medievale galego-portoghese* (Roma: Carocci).
- Tavani, G. (2002b): *Trovadores e jograis. Introdução à poesia medieval galego-portuguesa* (Lisboa: Caminho).
- Torres Fontes, J. (1980): *Colección de documentos para la historia del reino de Murcia. V. Documentos de Fernando IV* (Murcia: Academia Alfonso X el Sabio / Consejo Superior de Investigaciones Científicas).
- Torres Queiruga, A. (1995): *¿Qué queremos decir cuando decimos “infierno”?* (Santander: Editorial Sal Terrae).
- Ubieto Arteta, A. (1961): *Colección diplomática de Cuéllar* (Segovia: Diputación Provincial de Segovia).
- Vasconcelos, C. Michaëlis de (1990) [1904]: *Cancioneiro da Ajuda*. 2 vols. (Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda).
- Víñez, A. (1996): “Documentación de trovadores”, en Alvar, C. / Lucía Megías, J. M. (eds.) (1996): *La literatura en la época de Sancho IV (Actas del Congreso Internacional “La literatura en la época de Sancho IV”, Alcalá de Henares, 21-24 de febrero de 1994)*: 531-542 (Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá).
- Williams, E. B. (1975) [1938]: *Do Latim ao Português* (Rio de Janeiro: Tempo Brasileiro).